



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 22 DE XANEIRO DE 2024

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

CARMELA PRIETO CAL
JESUS ROMERO CARRACELAS
ISMAEL DURAN BEREJO
LUCIA PICOS ANEIROS
XULIO CRIBEIRO GARCIA
PABLO LUIS NEBRIL LOPEZ
MARIA DE LA LUZ LEONARDO ANEIROS
OLGA IGLESIAS BEREJO
JOSE ANTONIO RODRIGUEZ ARRIBE
MARIA JOSE PERNAS DIAZ
NOEL LOPEZ LOPEZ
MANUELA LOPEZ RODRIGUEZ

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTORA:

MARIA CARMEN MENENDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 20:00 horas do día 22 de xaneiro de 2024, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar sesión ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta ésta.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO ORDINARIO DE DATA 30.11.2023 E DO EXTRAORDINARIO DE DATA 13.07.2023

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ás actas das sesións de datas 30.11.2023 e 13.07.2023.

A Presidencia somete a votación ordinaria a aprobación das actas dos plenos anteriores, correspondentes ao ordinario de data 30.11.2023 e ao extraordinario de data 13.07.2023, resultando aprobadas por unanimidade dos concelleiros presentes.



2. SORTEO DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS CORRESPONDENTES Ó CONCELLO DE CEDEIRA PARA A REALIZACIÓN DAS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA DE 2024 CONVOCADAS PARA O VINDEIRO 18 DE FEBREIRO

Vista a convocatoria de eleccións ao Parlamento de Galicia para o día 18 de febreiro de 2024 efectuada polo Decreto 150/2023, de 25 de decembro, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións, publicado no DOG núm. 243 do 26 de decembro de 2023.

Visto que de acordo co disposto no artigo 26 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, compete á Corporación a formación das mesas electorais, debendo ser designados o presidente e os vogais cos seus conseqüentes suplentes mediante sorteo público entre a totalidade das persoas censadas na sección correspondente, entre os días vixésimo quinto e vixésimo noveno posteriores á convocatoria das eleccións.

Os membros das mesas deberán ser menores de setenta anos, se ben a partir dos sesenta e cinco poderán manifestar a súa renuncia no prazo de sete días, e que sepan ler e escribir, debendo o Presidente ter título de Bacharelato ou de Formación Profesional de segundo Grao, ou subsidiariamente o de Graduado Escolar ou equivalente.

Estimando por tanto necesaria a fixación dos criterios que determinen de xeito automático aos electores que constituirán as mencionadas mesas, e considerando que ditos criterios deben ser aprobados pola Corporación con anterioridade á realización do sorteo, se propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Normas para a designación dos compoñentes das mesas electorais:

1) Sorteo por cada distrito, sección e mesa.

- O Censo Electoral extráese da web do Instituto Nacional de Estatística.

- Farase un único sorteo informático utilizando o programa AYTOS, integrado na plataforma TEDeC da Deputación Provincial da Coruña; os cales cumpren os parámetros legais segundo a normativa especificada na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral.

2) Condicións para ser nomeado Presidente de mesa electoral ou suplente.

- a) Ser menor de 70 anos.
- b) Posuir, como mínimo, o título de Bacharelato Superior ou de F.P. de 2º grao; ou subsidiariamente de Graduado Escolar ou equivalente.

3) Condicións para ser nomeado Vogal de mesa electoral ou suplente.

- a) Ser menor de 70 anos.
- b) Saber ler e escribir.

4) Nomeamento de membros de mesa electoral para os casos de requirilo a Xunta Electoral de Zona.

Xerarase, no mesmo sorteo, unha lista suplementaria consistente en dous suplentes por posto dos referenciados nos puntos 2 e 3 (Presidente e Vogais), e sete suplentes máis por posto, a maiores dos



anteriores, en previsión dos casos nos que debido ás reclamacións estimadas pola Xunta Electoral de Zona, sexa necesario nomear novos membros de mesa electoral, tanto para o cargo de presidente como de vogais. Estes suplentes serán notificados só no referido suposto.

De acordo o Pleno, acto seguido realizase o sorteo.

As mesas electorais correspondentes ó concello de Cedeira quedan constituídas do seguinte xeito:

| Circunscrición electoral | Municipio | Distrito Censal | Sección | Mesa | Xunta Electoral de Zona |
|--------------------------|----------------|-----------------|------------|----------|-------------------------|
| CORUÑA (A) | CEDEIRA | 01 | 001 | U | FERROL |

| CARGO NA MESA | 1º APELIDO | 2º APELIDO | NOME |
|-----------------------|------------|------------|----------------|
| TITULARES | | | |
| PRESIDENTE/A: D/Dª | DOPICO | CASTIÑEIRA | IVAN |
| 1º VOCAL: D/Dª | ETCHEPARE | CORONADO | ANA MARIA |
| 2º VOCAL:D/Dª | MIMBRERO | RODRIGUEZ | FRANCISCO JOSE |
| SUPLENTES | | | |
| 1º PRESIDENTE/A: D/Dª | CASTRO | PEREZ | ALEXANDRE |
| 2º PRESIDENTE/A: D/Dª | RUBIDO | RAMONDE | MARIA SOFIA |
| 1º DE 1º VOCAL: D/Dª | SANMARTIN | CASTRO | ANA |
| 2º DE 1º VOCAL: D/Dª | PERNAS | MARIN | MARINA |
| 1º DE 2º VOCAL: D/Dª | GARCIA | GARCIA | ARACELI |
| 2º DE 2º VOCAL: D/Dª | GARCIA | GARCIA | JOSE MANUEL |

| Circunscrición electoral | Municipio | Distrito Censal | Sección | Mesa | Xunta Electoral de Zona |
|--------------------------|----------------|-----------------|------------|----------|-------------------------|
| CORUÑA (A) | CEDEIRA | 01 | 002 | A | FERROL |

| CARGO NA MESA | 1º APELIDO | 2º APELIDO | NOME |
|-----------------------|------------|------------|---------------|
| TITULARES | | | |
| PRESIDENTE/A: D/Dª | LOPEZ | MARTINEZ | ANA BELEN |
| 1º VOCAL: D/Dª | BOUZA | CANEIRO | JUDITH |
| 2º VOCAL:D/Dª | CANDALES | RODRIGUEZ | DOLORES |
| SUPLENTES | | | |
| 1º PRESIDENTE/A: D/Dª | DIAZ | RIOLA | LUCIA |
| 2º PRESIDENTE/A: D/Dª | FERNANDEZ | GARCIA | JESUS ENRIQUE |
| 1º DE 1º VOCAL: D/Dª | FERNANDEZ | HERNANDEZ | ANTONIO JESUS |
| 2º DE 1º VOCAL: D/Dª | BUSTABAD | PITA | PILAR |
| 1º DE 2º VOCAL: D/Dª | CHEDA | VELLON | EVA |
| 2º DE 2º VOCAL: D/Dª | FEIJOO | CARUNCHO | ROCIO |

| Circunscrición electoral | Municipio | Distrito Censal | Sección | Mesa | Xunta Electoral de Zona |
|--------------------------|----------------|-----------------|------------|----------|-------------------------|
| CORUÑA (A) | CEDEIRA | 01 | 002 | B | FERROL |

| CARGO NA MESA | 1º APELIDO | 2º APELIDO | NOME |
|--------------------|------------|------------|-----------|
| TITULARES | | | |
| PRESIDENTE/A: D/Dª | RODRIGUEZ | PEREZ | CRISTINA |
| 1º VOCAL: D/Dª | RODRIGUEZ | GARCIA | MOISES |
| 2º VOCAL:D/Dª | MECHOSO | MARTINEZ | ESTIBALIZ |



| SUPLENTE | | | |
|-----------------------|-----------|---------|--------------|
| 1º PRESIDENTE/A: D/Dª | PERNAS | BUSTO | VERONICA |
| 2º PRESIDENTE/A: D/Dª | RODRIGUEZ | ANEIROS | JUAN MANUEL |
| 1º DE 1º VOCAL: D/Dª | PEREZ | MUÑO | MARIA JOSE |
| 2º DE 1º VOCAL: D/Dª | MARTINEZ | PEREZ | LORENA |
| 1º DE 2º VOCAL: D/Dª | TARACIDO | PONCE | LUIS ANTONIO |
| 2º DE 2º VOCAL: D/Dª | SUAREZ | PEREZ | PABLO |

| Circunscrición electoral | Municipio | Distrito Censal | Sección | Mesa | Xunta Electoral de Zona |
|--------------------------|----------------|-----------------|------------|----------|-------------------------|
| CORUÑA (A) | CEDEIRA | 01 | 003 | A | FERROL |

| CARGO NA MESA | 1º APELIDO | 2º APELIDO | NOME |
|-----------------------|------------|------------|-------------------|
| TITULARES | | | |
| PRESIDENTE/A: D/Dª | IGLESIAS | CUESTA | DANIEL |
| 1º VOCAL: D/Dª | COUCE | FERNANDEZ | PAOLA |
| 2º VOCAL: D/Dª | GOMEZ | LOPEZ | DAVID |
| SUPLENTE | | | |
| 1º PRESIDENTE/A: D/Dª | FRAGUELA | FRAGA | CRISTINA |
| 2º PRESIDENTE/A: D/Dª | BERMUDEZ | MARTINEZ | MARIA DEL ROSARIO |
| 1º DE 1º VOCAL: D/Dª | CASAL | BARCIA | MARIA TERESA |
| 2º DE 1º VOCAL: D/Dª | CRIBEIRO | SUEIRAS | M ELVIRA |
| 1º DE 2º VOCAL: D/Dª | GARCIA | GARCIA | ANTONIA |
| 2º DE 2º VOCAL: D/Dª | CAMPOS | PRIETO | SABINO |

| Circunscrición electoral | Municipio | Distrito Censal | Sección | Mesa | Xunta Electoral de Zona |
|--------------------------|----------------|-----------------|------------|----------|-------------------------|
| CORUÑA (A) | CEDEIRA | 01 | 003 | B | FERROL |

| CARGO NA MESA | 1º APELIDO | 2º APELIDO | NOME |
|-----------------------|------------|------------|--------------|
| TITULARES | | | |
| PRESIDENTE/A: D/Dª | PRIETO | VILLAR | RICARDO |
| 1º VOCAL: D/Dª | PIÑON | JUANOLA | SONIA |
| 2º VOCAL: D/Dª | RIVERA | BELLO | MARIA JOSE |
| SUPLENTE | | | |
| 1º PRESIDENTE/A: D/Dª | PRIETO | CHAO | ANA |
| 2º PRESIDENTE/A: D/Dª | PICOS | LOSADA | XOSE ALFONSO |
| 1º DE 1º VOCAL: D/Dª | QUIROGA | NOGUEIRA | HECTOR |
| 2º DE 1º VOCAL: D/Dª | PEREZ | PICOS | JUAN CARLOS |
| 1º DE 2º VOCAL: D/Dª | PAZOS | SOBRINO | MARIA NIEVES |
| 2º DE 2º VOCAL: D/Dª | SOÑARA | VARELA | MANUEL |

| Circunscrición electoral | Municipio | Distrito Censal | Sección | Mesa | Xunta Electoral de Zona |
|--------------------------|----------------|-----------------|------------|----------|-------------------------|
| CORUÑA (A) | CEDEIRA | 01 | 004 | A | FERROL |

| CARGO NA MESA | 1º APELIDO | 2º APELIDO | NOME |
|--------------------|------------|------------|--------------|
| TITULARES | | | |
| PRESIDENTE/A: D/Dª | ARRIOLA | CAAMAÑO | RAQUEL |
| 1º VOCAL: D/Dª | RODRIGUEZ | GARROTE | MIGUEL ANGEL |
| 2º VOCAL: D/Dª | FERNANDEZ | LAGO | MANUEL |
| SUPLENTE | | | |



| | | | |
|-----------------------|----------|-----------|---------------|
| 1º PRESIDENTE/A: D/Dª | BALLINA | GARCIA | JUAN |
| 2º PRESIDENTE/A: D/Dª | VERGARA | RODRIGUEZ | ROSALIA |
| 1º DE 1º VOCAL: D/Dª | MARTINEZ | DIAZ | MARIA YOLANDA |
| 2º DE 1º VOCAL: D/Dª | IGLESIAS | BOUZA | MARIA TERESA |
| 1º DE 2º VOCAL: D/Dª | BELLON | FERNANDEZ | CESAR |
| 2º DE 2º VOCAL: D/Dª | BALLINA | GARCIA | EVA MARIA |

| | | | | | |
|--------------------------|----------------|-----------------|------------|----------|-------------------------|
| Circunscrición electoral | Municipio | Distrito Censal | Sección | Mesa | Xunta Electoral de Zona |
| CORUÑA (A) | CEDEIRA | 01 | 004 | B | FERROL |

| | | | |
|-----------------------|------------|------------|-------------|
| CARGO NA MESA | 1º APELIDO | 2º APELIDO | NOME |
| TITULARES | | | |
| PRESIDENTE/A: D/Dª | SERANTES | BARREIRO | NOELIA |
| 1º VOCAL: D/Dª | FERNANDEZ | MARTIN | DANIEL |
| 2º VOCAL:D/Dª | FERNANDEZ | OTERO | VICTOR |
| SUPLENTE | | | |
| 1º PRESIDENTE/A: D/Dª | LOPEZ | RODRIGUEZ | ESTEBAN |
| 2º PRESIDENTE/A: D/Dª | SEDES | FERNANDEZ | MARIA BELEN |
| 1º DE 1º VOCAL: D/Dª | PEREZ | IGLESIAS | PAULA MARIA |
| 2º DE 1º VOCAL: D/Dª | LOUREIRO | LOUREIRO | MARIA LUISA |
| 1º DE 2º VOCAL: D/Dª | RODRIGUEZ | SERANTES | JULIA |
| 2º DE 2º VOCAL: D/Dª | BARGE | PICOS | JOSE |

| | | | | | |
|--------------------------|----------------|-----------------|------------|----------|-------------------------|
| Circunscrición electoral | Municipio | Distrito Censal | Sección | Mesa | Xunta Electoral de Zona |
| CORUÑA (A) | CEDEIRA | 01 | 004 | C | FERROL |

| | | | |
|-----------------------|------------|-------------|--------------|
| CARGO NA MESA | 1º APELIDO | 2º APELIDO | NOME |
| TITULARES | | | |
| PRESIDENTE/A: D/Dª | LOBO | PEREZ | DANIEL |
| 1º VOCAL: D/Dª | GONZALEZ | GARCIA | ANGELES |
| 2º VOCAL:D/Dª | PAZ | VILLADONIGA | PABLO |
| SUPLENTE | | | |
| 1º PRESIDENTE/A: D/Dª | DIZ | FERNANDEZ | XISELA |
| 2º PRESIDENTE/A: D/Dª | RODRIGUEZ | PIÑON | DIEGO |
| 1º DE 1º VOCAL: D/Dª | LORENZO | CARUNCHO | JOSE |
| 2º DE 1º VOCAL: D/Dª | REY | CASAL | LAURA |
| 1º DE 2º VOCAL: D/Dª | RAMOS | GARCIA | MARIA CARMEN |
| 2º DE 2º VOCAL: D/Dª | PICOS | CASAS | JOSE MANUEL |

| | | | | | |
|--------------------------|----------------|-----------------|------------|----------|-------------------------|
| Circunscrición electoral | Municipio | Distrito Censal | Sección | Mesa | Xunta Electoral de Zona |
| CORUÑA (A) | CEDEIRA | 01 | 004 | D | FERROL |

| | | | |
|-----------------------|------------|------------|---------------|
| CARGO NA MESA | 1º APELIDO | 2º APELIDO | NOME |
| TITULARES | | | |
| PRESIDENTE/A: D/Dª | COBA | HERMIDA | JOSE ANGEL |
| 1º VOCAL: D/Dª | CASAL | DIAZ | FERNANDO |
| 2º VOCAL:D/Dª | ANEIROS | GARCIA | MARIA GORETTI |
| SUPLENTE | | | |
| 1º PRESIDENTE/A: D/Dª | PITA | MARTINEZ | MARIA DOLORES |



| | | | |
|-----------------------|--------|----------|-----------------|
| 2º PRESIDENTE/A: D/Dª | GARCIA | CANEIRO | ANA MARIA |
| 1º DE 1º VOCAL: D/Dª | PITA | GARCIA | ALEJANDRO |
| 2º DE 1º VOCAL: D/Dª | PERNAS | CACHEIRO | JUAN CARLOS |
| 1º DE 2º VOCAL: D/Dª | PITA | TORRES | ANGEL VICTORINO |
| 2º DE 2º VOCAL: D/Dª | COUTO | DIAZ | ALBERTE |

| | | | | | |
|--------------------------|----------------|-----------------|------------|----------|-------------------------|
| Circunscrición electoral | Municipio | Distrito Censal | Sección | Mesa | Xunta Electoral de Zona |
| CORUÑA (A) | CEDEIRA | 01 | 006 | A | FERROL |

| | | | |
|-----------------------|--------------|------------|---------------|
| CARGO NA MESA | 1º APELIDO | 2º APELIDO | NOME |
| TITULARES | | | |
| PRESIDENTE/A: D/Dª | BLANCO | LOPEZ | ANDRES |
| 1º VOCAL: D/Dª | ORJALES | MENDEZ | MARIA ANGELES |
| 2º VOCAL: D/Dª | CANDALES | PIÑON | ANA |
| SUPLENTE | | | |
| 1º PRESIDENTE/A: D/Dª | COCIÑA | PIGUEIRAS | MARIA CARMEN |
| 2º PRESIDENTE/A: D/Dª | PAZ | PIÑON | SOFIA |
| 1º DE 1º VOCAL: D/Dª | CAL | RIO | MARINA |
| 2º DE 1º VOCAL: D/Dª | NOVO | NOVO | ANA MARIA |
| 1º DE 2º VOCAL: D/Dª | MAGALHAES DE | GARCIA | TANIA MARIA |
| 2º DE 2º VOCAL: D/Dª | LOPEZ | GARCIA | PILAR |

| | | | | | |
|--------------------------|----------------|-----------------|------------|----------|-------------------------|
| Circunscrición electoral | Municipio | Distrito Censal | Sección | Mesa | Xunta Electoral de Zona |
| CORUÑA (A) | CEDEIRA | 01 | 006 | B | FERROL |

| | | | |
|-----------------------|------------|-------------|-------------|
| CARGO NA MESA | 1º APELIDO | 2º APELIDO | NOME |
| TITULARES | | | |
| PRESIDENTE/A: D/Dª | PRIETO | FERNANDEZ | SAMUEL |
| 1º VOCAL: D/Dª | FRAGUELA | BARCON | JOSE MANUEL |
| 2º VOCAL: D/Dª | DIAZ | CASTIÑEIRAS | MARIA JOSE |
| SUPLENTE | | | |
| 1º PRESIDENTE/A: D/Dª | BARRERO | IGLESIAS | ANDREA |
| 2º PRESIDENTE/A: D/Dª | LOPEZ | RODRIGUEZ | ALBERTO |
| 1º DE 1º VOCAL: D/Dª | MARTUL | BARCON | ALEJANDRO |
| 2º DE 1º VOCAL: D/Dª | ANIDO | FERREIRO | ANA MARIA |
| 1º DE 2º VOCAL: D/Dª | IGLESIAS | REY | MARIA JOSE |
| 2º DE 2º VOCAL: D/Dª | DIAZ | GARCIA | ANDRES |

Sendo as 20:10 horas a Concelleira do Partido Popular, Dª María de la Luz Leonardo Aneiros, abandona o salón de plenos.

3. MOCIÓN DO BNG PARA DEMANDAR A QUE A XUNTA DE GALIZA REALICE ACCIÓNS PARA PALIAR AS CONSECUCIÓNS DA "MAREA PLÁSTICA" NAS COSTAS GALEGAS

Pola Secretaría dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 17 de xaneiro de 2024, que di:



“Vista a moción presentada por José Antonio Rodríguez Arribe, voceiro do Grupo municipal do BNG, en data 12.01.2024, que dí:

“Moción para demandar a que a Xunta de Galiza accións para paliar as consecuencias da “marea plástica” nas costas galegas

Jose Antonio Rodriguez Arribe, portavoz do Grupo Municipal do BNG do Concello de Cedeira presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

Exposición de motivos:

Máis unha vez o litoral galego sofre unha catástrofe ambiental e máis unha vez a Xunta de Galiza afrontou esta crise con ocultación, con mentiras, cunha flagrante negligencia e deixando sós aos concellos.

O 8 de decembro, segundo os Gobiernos español e portugués, o barco “Toconao”perdía en alta mar varios colectores. Un deles levaba 1.050 sacos, de 26,25 quilos cada un de *pellets* plásticos. O 13 de decembro a Xunta de Galiza xa é sabedora deste vertido no medio mariño, máis non será ata practicamente un mes máis tarde, a causa da presión social e mediática, cando comece a tomar as primeiras medidas.

É o 4 de xaneiro, cando se dirixe por primeira vez a algúns concellos costeiros, mediante unha carta do conselleiro do Mar, mais non para ofrecerlle colaboración ou os medios humanos e técnicos necesarios, senón unicamente para lembrarlles as “competencias que ten a administración local na limpeza dos areais”, precisamente despois de que fore esa a única administración que, con recursos propios, estaba atendendo a limpeza das praias desde o primeiro momento.

Aínda que a marea plástica seguía a estenderse, o 6 de xaneiro o Goberno galego activa o Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña (Plan Camgal) no seu nivel mínimo, que se mantén ata o día 9 cando se decreta o nivel 2 que permite que poidan intervir medios estatais.

A día de hoxe a Xunta continúa sen dispoñer de persoal suficiente nas praias, só 200 efectivos, sen facilitar equipos ou material de protección para as miles persoas voluntarias que están efectuando a limpeza e que tampouco e quen de coordinar.

É evidente que o Goberno galego fixo deixación de funcións, abandonou os concellos á súa sorte,desentendeuse da coordinación do voluntariado, mesmo naquelas zonas medioambientalmente máis sensíbeis, e non está a prever as consecuencias que a marea plástica pode ter no sector pesqueiro e marisqueiro galego.

Por outra banda, vén de afirmar que, segundo os informes contratados a unha empresa privada, os plásticos non son “tóxicos nin perigosos”, valoración que non comparte nin a UE nin a Fiscalía de Medio Ambiente do Estado que xa abriu unha investigación.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete esta moción a debate e aprobación polo Pleno do concello de Cedeira propondo a **adopción dos seguintes ACORDOS:**

Esixir á Xunta de Galiza que:



1. Faga efectiva a súa colaboración cos concellos poñendo á súa disposición de inmediato todos os medios técnicos, materiais e humanos suficientes para facer fronte á crise ambiental que están a vivir.
2. Aumente o persoal de limpeza das praias ao seu cargo, de xeito que ningún areal afectado quede sen atender.
3. Centralice e se faga cargo de todas as xestións de reclamación de danos e resarcimento de gastos aos concellos por parte da aseguradora do buque que provocou o accidente.
4. Despregue todos os buques e helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galiza para intensificar a vixilancia e actuar de inmediato.
5. Leve a cabo os estudos necesarios nos centros de investigación propios e en colaboración coas universidades galegas para determinar a composición e efectos dos plásticos, tanto na flora e fauna costeira como nas persoas.
6. Atenda a afectación que a marea plástica puidese ter na actividade pesqueira e marisqueira das nosas rías e, como consecuencia, nos traballadores e traballadoras do mar.”

A Comisión, por cinco (5) votos a favor, do PSdeG-PSOE (3) e do BNG (2) e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións o Sr. Rodríguez Arribe di: Esta é unha proposta que se fai porque xa temos varias experiencias, como todos sabemos houbo un montón de dimes e diretes do Goberno central e da Administración galega, os pellets seguían flotando no mar e moitos deles chegaban ás praias, a organización foi absolutamente da cidadanía, coa experiencia que tiña, e moita xente viu incluso de fóra pensando que a cousa era bastante máis abundante, como foi no caso do Prestige. Teño que dicir que houbo moitas asociacións que chamaron á cidadanía a axudar e, casualmente, nese momento estaba prevista unha limpeza de praias por medio da asociación ARCE, do museo Mares de Cedeira, apoiada polo Concello de Cedeira e por outras organizacións da Vila, que se realizou o domingo pasado pola mañá, na que cerca de cincuenta persoas nos xuntamos na praia da Magdalena para recoller os plásticos, os restos que había alí. De feito, afortunadamente, aquí non entraron os pellets porque parece ser que, segundo os expertos, aquí ao ser unha ría moi estreita entran unicamente cando hai un norte pechado que é cando pode entrar na ría. Entón, pasaron un pouco de longo. Pasou un pouco o mesmo cando foi o do Prestige, que dentro da ría practicamente non había restos, sen embargo, toda a zona de Teixidelo, a zona do Campo do Castro, a zona de Punta Candieira, todo por aí, si había restos de manchas e eu precisamente teño unha pedra nesa zona. Nosoutros pedimos á Xunta de Galiza, dirixida polo Partido Popular neste momento, que faga efectiva a colaboración que ten cos concellos, porque eu creo que é unha obriga do Goberno galego pedirlle ós concellos e poñer a disposición deles todos os medios necesarios para facelos. Que aumente o persoal de limpeza que ten porque nosoutros realmente aquí non vimos que viñera a tomar datos de se había ou non había esta contaminación. Que centralice e se faga cargo de todos aqueles gastos que supoñan para os concellos, e incluso para os privados, se faga cargo de todos os gastos e xestionar diante da Administración competente cando sexa o momento. E, por suposto, que poña o Servizo de gardacostas ao servizo de toda a xente, porque parece ser que hai datos que din que durante os momentos en que se sabía que estaban flotando os pellets cerca das costas de Galicia, os dous helicópteros que hai do servizo, Pesca I e Pesca II, estaban nas súas bases e non saíron e, logo, pedíronse medios que sobrepasaban, en moito, os esforzos que se pedían. E, por suposto, que se leven a cabo os estudos necesarios para saber que - hoxe en día, xa se sabe porque pasaron días- xa sabemos cal é o nivel de contaminación que ten cada un deses pellets. Nosoutros tivemos a sorte de que non nos chegaron grandes cantidades, polo menos dentro da ría non estaban ou non os vimos, pero si temos a preocupación de que estes pellets cando veña o nordeste ou veña un mar un pouco máis duro, que bata violentamente contra as pedras, que se poidan desfacer e cree microplásticos que eu creo que entendemos todos que son o máis grave de todo,



o dos microplásticos que poidan comer os peixes e calquera outro animal mariño e poidan pasar á cadea humana. E sen máis, pedimos ao Pleno que aprobe esta moción de urxencia.

O Sr. Cribreiro García di: Nós xa imos deixar claro o noso voto en contra. A costa galega está sufrindo un grave episodio de contaminación polos pellets plásticos procedentes do buque Toconao, de bandeira de Liberia, que perdeu o pasado 8 de decembro, a uns 80 quilómetros ao oeste de Viana do Castelo (Portugal). A día de hoxe son xa 80 praias as afectadas pola “marea plástica” que se estende polas tres provincias costeiras galegas. Tamén chegou a Cádiz, Asturias, Santander, parece ser que ao País Vasco. Iso de grave e “marea plástica” é un sobre dimensionamento do problema: é certo que hai un vertido, pero este non é outro “Prestige” como nos queren facer ver. Se queren ser serios BNG e PSOE deberían medir o que din cando empregan fotos “fake” e non facer dano ao sector pesqueiro para sacar réditos políticos. A concienciación social polo impacto contaminante dos microplásticos é un feito. Estes materiais, ao ser inxeridos por numerosos seres mariños e incorporarse á cadea trófica, producen a morte ao producirilles aos animais cambios no metabolismo enerxético, patoloxías intestinais, estrés oxidativo, alteracións psicomotrices e xenéticas, etc. Iso é certo, pero parece ser que caeron agora da burra, e os plásticos que levan no mar desde antes do vertido? Que fixo o Estado para combatalos? A Xunta ten programas de retirada e leva máis de 425 toneladas de lixo do mar. E o Estado que fixo? A chegada de millóns destes gránulos industriais ás nosas costas está agravando esta situación e será un problema que perdurará durante moitos anos debido ao amplo prazo de biodegradación dos plásticos, e por iso é tan importante actuar con urxencia e de xeito coordinado. Fronte a isto cómpre recordar como foron os feitos para poder actuar dunha vez por todas e para solicitar as correspondentes responsabilidades. Este carácter agoreiro recorda aos millóns de anos que ía pasar sen peixe o mar tras o Prestige: ao ano seguinte do Prestige foi histórico en capturas. A primeira nova que se ten en Galicia destes pellets plásticos é o día 13 de decembro, cando o Servizo de emerxencias 112 da Xunta de Galicia alerta a Salvamento Marítimo de que unha persoa tiña atopado o primeiro saco de pellets plásticos na costa. Por tanto, a primeira alerta oficial procede da Xunta de Galicia, a través do 112 e transmítese a un servizo estatal, como é o de Salvamento Marítimo. Mentira: a primeira noticia (por dúas vías) chégalle a Salvamento Marítimo do Estado o día 8 de decembro, pero parecen esquecelo. Nese momento temos constancia de que chegan eses sacos, pero non da orixe, cantidade e intensidade do que pode chegar. Cabe lembrar de que temos arredor de 1.500 reportes anuais de chegada de materiais ás costas ou de verquidos no mar sen que iso supoña unha continuidade na chegada. Aventurar que sabiamos do accidente (que ocorrera cinco días antes e do que tiñan constancia) a través desta chamada e chegada de sacos puntuais (que non se repite ata once días despois) é facer unha suposición moi atrevida e moi demagóxica. Avísase ao Centro de Salvamento de Fisterra e din que “teñen constancia a través do CEMMA” e que “non van a tomar ningunha medida ao respecto”, teñen aviso e nada fan, nin avisan de onde poden proceder. Tras as pesquisas desenvoltas polo Centro de Salvamento Marítimo de Fisterra do Ministerio de Transporte e Mobilidade Sostible, conclúese que o buque Toconao pode ser o responsable da chegada de pellets ás costas galegas. Resulta curioso que Salvamento Marítimo faga todas esas pesquisas e seguimento e nada reporte a Gardacostas de Galicia. Tamén resulta curioso que Salvamento Marítimo soubese do accidente e os datos do buque dende o día 8 e que non os relacionase, non consta que pedisen información adicional á navieira ou a Portugal. Ese mesmo día, o responsable do Centro de Salvamento Marítimo informa ao subdirector do servizo de Gardacostas, organismo dependente da Consellería do Mar da Xunta de Galicia, de que probablemente eses sacos proveñan dese barco e de que o Goberno xa está facendo xestións coa empresa armadora. Teñen constancia do nome do barco e das circunstancias dende o día 8 e apuntan a que estaban investigando, sería bo coñecer que trámites ou pesquisas se fixeron. Desde ese día quen si sabe toda a información é o MITECO e a Delegación do Goberno, a Xunta non. Esa suposta segunda información ao subdirector de Gardacostas é un whatsapp con ínfima información e sinala que están en contacto co buque. Instamos ao Estado a que faga público o whatsapp. O whatsapp (vía non oficial) di isto:



“Buenas tardes, muy probable portacontenedores que perdió 6 través de Viana el 8. Estamos en contacto con él”. Realmente saben onde foi a caída dos contedores, en Portugal non en Galicia, e conforme ao Sistema Nacional de Resposta fronte á Contaminación Mariña (e sabendo que chegan ás nosas costas) deberían ter activado o Plan Nacional de Resposta en situación 3, tal é como establece o artigo 7 do Real Decreto 1695/2012, do 21 de decembro, polo que se aproba o Sistema Nacional de Resposta ante a Contaminación Mariña: producirase cando teña lugar un episodio de contaminación mariña de gran magnitude ou perigosidade, caracterizado por algunha das seguintes circunstancias: Daquela xa se cumpría o ditaminado no artigo 7, apartado 2.II.d.iii) que di o seguinte: *Que a contaminación se produza en augas baixo soberanía dos Estados limítrofes, pero que poida pór en perigo, pola súa perigosidade, extensión e proximidade xeográfica, as augas mariñas sobre as cales España exerce soberanía ou as costas españolas.* Tamén di o Real Decreto: *Nesta situación de emerxencia activarase o Plan marítimo nacional e o Plan estatal de protección da ribeira do mar contra a contaminación, ademais dos plans territoriais das comunidades autónomas.* O día 26 de decembro, o servizo de Protección Civil da Delegación do Goberno ten coñecemento da chegada de pellets a diferentes puntos da costa, entre eles o parque natural de Corrubedo e traslada á dirección do parque natural toda a información do representante da empresa navieira. Nese momento só houbera dúas chegadas de pellets e foron atendidas e retiradas. Tampouco ten constancia a Xunta de información completa, senón de que pode ser algo puntual. As deteccións seguen nos mesmos puntos nos que se produciu e ningunha información sobre orixe certa e posibilidade de continuidade teñen. Repetimos que temos 1.500 incidencias anuais deste tipo e nada había certo sobre causa e continuidade (como reconece salvamento marítimo o día 24). Polo tanto, con esta comunicación a Parques Naturais, dependente da Consellería de Medio Ambiente, a Xunta de Galicia volve ter coñecemento da chegada de pellets ás costas pero segue sen activar o Plan territorial de Continxencias por Contaminación Mariña Accidental da Comunidade Autónoma de Galicia (Plan Camgal). Deberán coñecer que o decreto do Plan Camgal establece no seu artigo 16.2 que as incidencias ordinarias que poidan ser atendidas polos grupos operativos dispostos na zona non darán lugar á activación do Plan Camgal e atendéronse desde a zona e sen maior problema. Non será ata o día 5 de xaneiro, e despois de numerosas informacións nos medios de comunicación e en redes sociais sobre novos avistamentos de pellets na costa, cando a Xunta de Galicia por fin decide activar o Plan Camgal, plan que, cómpre recordar, está integrado no Sistema Nacional de Resposta. Segundo este Sistema Nacional de Resposta, na mar a competencia é por completo do Estado, a través do MITMA, mentres que en terra a competencia é autonómica. Falso, a Xunta activou o Plan o día 3 ao advertir a chegada en varios puntos e logo de advertir (ao ter esa escasa información engadida) que pode chegar máis. Ollo a isto: na mar a competencia é por completo do Estado, a través do MITMA, e agora (os do Estado) foxen da súa responsabilidade durante máis dun mes? Que recolleron no mar? Que medios mobilizaron? Nada. Se os collesen no mar ou se os collesen xa en Portugal non chegarían nunca á costa. Pódese recoller no mar, van tres episodios de recollida de sacos no mar: O Grove, Porto do Son e Camariñas. As competencias estatais neste escenario foron exercidas, pois Salvamento Marítimo realizou constantes inspeccións cos medios aéreos, pero non se localizou ningún material ao tratarse de material, que polas súas características (tamaño e cor) é case indetectable en alta mar. Sen embargo, a actuación en terra firme está sendo cuestionada, tanto polos concellos máis afectados, como por organizacións ecoloxistas e colectivos de voluntariado. Disque fixeron unha busca “exhaustiva” desde o 20 de decembro e o 4 de xaneiro (15 días) e só realizaron 14 imaxes de satélite en 4 voos aéreos. Disque o avión está buscando activamente e realizou 13 voos en 28 días. O avión e a súa busca considérase “ordinaria” pola propia Delegación do Goberno na súa nota informativa remitida o domingo día 7. A partir desa data, comezan a chegar, en función das mareas, pellets a diversas praias galegas. Seguindo o protocolo establecido, e da información que conteñen os sacos aparecidos, Salvamento Marítimo comeza a realizar diferentes xestións para atopar o posible buque responsable. Tamén, de forma ordinaria, lévanse a cabo saídas diarias dos medios aéreos e marítimos de Salvamento Marítimo para buscar máis restos de pellets de



plástico. Nestes días non se detecta nada no mar e ningún barco de frota pesqueira galega reporta información ao respecto.

Na comunicación do 112 do día 13 de decembro, Salvamento Marítimo responde que “non van a facer nada”. Nota do 112: avísase ao Centro de Salvamento de Fisterra e din que “teñen constancia a través do CEMMA” e que “non van a tomar ningunha medida ao respecto”, teñen ese aviso e nada fan, nin avisan de onde poden proceder. A Xunta non activou o Plan Camgal ata o 5 de xaneiro, o que é o mesmo que dicir que negou o problema ata esa data. Ademais activou o nivel 1 da emerxencia, ou sexa o nivel mínimo que se corresponde con episodios de contaminación de pequena gravidade e extensión. Tardou ata o día 9, tras numerosas peticións en activar o nivel 2, que se da para episodios de gravidade e extensión media, un día despois de que o fixera Asturias. O Plan prevé expresamente que no nivel de emerxencia mínimo, por razóns de operatividade da resposta e en virtude da colaboración interadministrativa entre o Ministerio competente e a Xunta de Galicia, pódense mobilizar medios estatais. Polo tanto, non é necesario o pase a nivel medio de emerxencia para que se poida facer efectiva esta colaboración pola Administración Xeral do Estado. Un dos motivos do cambio de nivel foi a existencia de previsión de condicións meteorolóxicas variables que motivaran, de forma presumible, unha reiteración da chegada á costa de elementos plásticos procedentes do colector perdido polo Toconau, polo que compre, tendo en conta da indeterminación da cantidade que pode chegar aos areeiros, preparar a estrutura de resposta para atendela. Aínda quedaría a declaración do nivel 3 da emerxencia, para episodios de máxima gravidade que superan a capacidade de resposta da comunidade autónoma. Só cando a emerxencia alcanza os niveis 2 e 3 actívanse os medios estatais para a loita contra episodios de contaminación en terra no marco do Plan Estatal de Protección da Ribeira do Mar contra a Contaminación (Plan Ribeira) do MITECO. Quen si debería ter activado o Plan son o Goberno central, tal é como establece o artigo 7 do Real Decreto 1695/2012, do 21 de decembro, polo que se aproba o Sistema Nacional de Resposta ante a Contaminación Mariña: producirase cando teña lugar un episodio de contaminación mariña de gran magnitude ou perigosidade, caracterizado por algunha das seguintes circunstancias:

iii) Que a contaminación se produza en augas baixo soberanía dos Estado limítrofes, pero que poida pór en perigo, pola súa perigosidade, extensión e proximidade xeográfica, as augas marítimas sobre as cales España exerce soberanía ou as costas españolas. Tamén di o Real Decreto: nesta situación de emerxencia activaranse o Plan marítimo nacional e o Plan estatal de protección da ribeira do mar contra a contaminación, ademais dos plans territoriais das comunidades autónomas.

En paralelo, a Xunta de Galicia, minimizou o impacto da “marea plástica” afirmando que os gránulos que están aparecendo en todo o litoral galego non son tóxicos, entrando en clara contradición coa Fiscalía de Medio Ambiente, que abriu unha investigación e recalcou que hai indicios de toxicidade deste material que, en todo caso, é altamente contaminante. Xa estamos alarmando outra vez, outra vez alarmando, os materiais son tóxicos se os comes (quen come plástico?) e os frotas nos ollos (coma o limón). Cumpren cos regulamentos comunitarios e de EEUU para este tipo de plásticos. O Goberno galego tamén abandonou dun xeito notorio aos concellos, que, unha vez máis, corren co peso da resposta dende a Administración pública. Totalmente falso, tamén teñen competencias. O Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas, sinala no artigo 225.d) sobre competencias municipais, o seguinte:

As competencias municipais, nos termos previstos pola lexislación que diten as comunidades autónomas, poderán abarcar os seguintes extremos:

d) Manter as praias e lugares públicos de baño nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade, así como vixiar a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración Xeral do Estado sobre salvamento e seguridade das vidas humanas.

O único que fixo a Xunta foi enviar unha carta ás Alcaldías para dicirlles que vaian gardando as facturas para pasar os gastos á aseguradora do barco. Os galegos e galegas sabemos ben o tempo que se tardaron en percibir as indemnizacións da aseguradora do Prestige, polo que o envío desta carta só



pode tomarse como unha broma de mal gusto. Quen nos di que a navieira vai pagar un correo que salvamento nos rebota, o rebotaron sen saber máis? A Xunta nin amagou con aprobar a declaración de emerxencia de interese galego, prevista na Lei de Emerxencias de Galicia, ferramenta legal que permitiría mobilizar fondos autonómicos de maneira automática para axudar aos concellos nos gastos que xa están a ter. Empéñanse en que pague Galicia o que ten que pagar a navieira. Ninguén entende que a Xunta de Galicia tardase tanto en aceptar a axuda do Goberno do Estado e, ao mesmo tempo, tratase de promover un conflito institucional para tratar de desviar a atención sobre a súa responsabilidade directa. Como ninguén entende que o presidente da Xunta estivera de vacacións e non pisara ningunha das praias galegas, ata o punto que tivo que anunciar activación do nivel 2 do Camgal nun acto no concello de A Estrada. Menten. A axuda podía vir sen aprobar o nivel 2. A responsabilidade, mentres o plástico está no mar (case un mes) é do Estado, ten as competencias en loita contra a contaminación no mar: Lei 27/1992, de 24 de novembro, de Portos do Estado e da Mariña Mercante: artigo 6. Mariña mercante, artigo 86. Competencias do Ministerio de Obras Públicas e Transportes, artigo 87. Do servizo público de salvamento.

José, estou mirándote máis a ti porque me colles de fronte, non por outra cousa, a responsabilidade tamén é do Partido Socialista.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Estou moi atento.

O Sr. Cribreiro García continúa dicindo: O Presidente si que foi ás praias, como os Conselleiros, quen non foi a ningunha praia foi o Goberno central. Si que foron (cando aínda estaba o plástico no mar e podían facer algo) a ver aos Reis Magos en Vigo sen dicir que levaban case un mes sabendo do accidente do buque. A activación do Plan non vai polo anuncio do Presidente, senón pola decisión do director do Plan. Pensan eles que todo é facer anuncios. Diante destes feitos, nosoutros suxerimos o voto en contra. Activar os seus medios e plans municipais de emerxencia do Concello de Cedeira para colaborar activamente na loita contra a contaminación mariña provocada polos pellets plásticos. Impulsar as actividades de voluntariado para a retirada dos pellets dos areas marinenses. Ollo, e moito coidado, que pode ser contraproducente. Eu vin na Televisión de Galicia, unha persoa, creo que era en Malpica, con toda a vontade posible cun tractor e un accesorio na parte de atrás para recoller todo iso, pero por onde pasan as catro, oito rodas do tractor, todos os pellets ao final acaban introducidos na area. Solicitar á Xunta de Galicia unha maior axilidade avaliando diariamente a emerxencia entre os niveis 2 e 3, aos efectos de optimizar a resposta? O Plan Camgal está en permanente revisión e o persoal encargado de facer os cambios tamén. Que se ten que poñer as pilas é o Estado. Solicitar da Xunta a posta a disposición dos concellos de tódolos medios autonómicos posibles para a retirada do material contaminante das costas galegas? Xa están. Solicitar da Xunta a creación dun órgano colexiado de colaboración cos concellos e coa Fegamp para ir analizando as necesidades cunha periodicidade mínima semanal? Xa existe dentro do Plan Camgal e xa foi convocado para a tarde do día 11 de xaneiro. Solicitar á Xunta de Galicia un protocolo claro de actuación para a retirada dos pellets de plástico das nosas costas e para a xestión posterior destes residuos, acabando así coa desinformación actual que están a padecer os concellos, os colectivos ecoloxistas e o voluntariado? Xa está colgado na páxina do Plan Camgal. Declarar tamén a Emerxencia de Interese Galego, no marco das competencias atribuídas pola Lei de Emerxencias de Galicia, e acompañala de axudas directas aos concellos do litoral, especialmente aos máis afectados por este episodio de contaminación para resarcilos dos gastos que están asumindo en solitario? Que estas axudas se tramiten polo procedemento administrativo de emerxencia? Facer estas axudas compatibles con posteriores indemnizacións que poidan recibir, nun futuro incerto, por parte da aseguradora do buque? Insisten en que pague Galicia e o que ten que pagar é a navieira. Importante, a normativa de responsabilidade ambiental (Lei 26/2007, de 23 de outubro, de Responsabilidade Medioambiental, artigo 7.3) sinala que debe ser o Estado quen demande o apoio para protexer os seus dominios públicos (marítimo e marítimo-terrestre), pero non



temos constancia de que lle esixisen á navieira poñer medios ou avais para poñelos. Dirixirse á Presidencia da Xunta para que opte pola cooperación institucional tanto co Estado como cos concellos para sumar tódolos recursos públicos posibles en lugar de practicar a confrontación para fuxir das responsabilidades autonómicas? Case mellor que non se rían de nós. Xa que logo, o PSOE, BNG e tamén Sumar están buscando responsables fóra de quen ten as competencias e obrigas que é o Goberno do Estado. O PSOE pide acción á Xunta cando eles mesmos están inactivos pese á obriga legal de actuar do seu goberno, pero mentres isto acontece o ministro e o “Pseudodelegado do goberno” atenden ás visitas dos Reis Magos en Vigo e fan autobombo. O BNG pide cooperación con Portugal, cando xa vimos que quen debe coordinarse é o Estado e nada fai. Incluso tardando 25 días en dar conta oficial dun accidente, 25 días, pero nada di dese goberno ao que apoia e é socio. Sumar, que non está representado no Concello de Cedeira, pide cooperación entre Xunta e Estado, cando o único que actúa é a Xunta, pero nada di do goberno do que forma parte a señora Yolanda Díaz, non di absolutamente nada, e aínda din que van a denunciar á Xunta por inacción. Eles son o problema e queren desvialo pese a ter as competencias e obrigas legais. Replican a súa defensa de Pedro Sánchez en Galicia cando deberían defender a Galicia ante Sánchez. Fan como na AP9, defenden que se recupere e despois soben as peaxes. Aquí magnifican o problema (sen contar o dano que lle poden facer con iso ao sector marítimo-pesqueiro) e desatenden as súas competencias e desatenden as súas obrigas. Miren, finalmente, o PP de Cedeira defende aos mariñeiros, aos mariscadores e a toda a xente que vive do mar nas nosas costas e en mares exteriores a Galicia. Mentir ten un prezo, pero pon no seu sitio a quen realiza a mentira:

- As xuventudes socialistas utilizaron unha fotocopia dun peixe pescado en Sri Lanka para tratar de responsabilizar ó Presidente, Alfonso Rueda, da aparición dos pellets na costa galega.

- O BNG ataca á Xunta usando unha foto dos pellets tomada en Texas.

Eu si quería felicitar á señora Ana Pontón porque vira na Sexta falando en castelán. Mire, ser comunista, ser socialista, ser fascista, non crean que desta forma se pode propagar de forma masiva nun momento determinado e reproducir mensaxes negativas con carácter emocional. Señores do PSOE de Cedeira, señores do BNG de Cedeira, mentiras ningunha, toda a seriedade posible. Deberían valorar máis a intelixencia das persoas. A verdade, o dato acaba matando ao relato e, por certo e para rematar, señores do BNG, señores do PSOE.

A Sra. López Rodríguez di: E señoras tamén.

O Sr. Cribeiro García continúa dicindo: Señores e señoras do BNG, señores e señoras do PSOE, xa levan cerca de nove meses ó lado do señor Moreda, pero 94 usuarios do servizo de axuda no fogar levan sen prestar asistencia polo Concello e o presuposto do 2024 sen facer, pónanse a traballar por Cedeira, estamos vendo que esta coalición BNG-PSOE, está posiblemente rota ou non funciona, e Cedeira así non avanza. E dou por rematada a miña intervención.

O Sr. Alcalde di: A verdade que eu me sentín un pouco perdido despois do argumentario. O que fixo o argumentario do Partido Popular se fai unha serie en Netflix, ten 1.500 capítulos. Recórdame ao chiste este que hai, vou a poñer un pouco de humor no día de hoxe que fai falta, cando está Xesucristo na última cea, que lle dixo aos Apóstolos, agora me vedes, mañá non me veredes, volveredes a verme para cando para deixarme de ver, e díxolle Xudas: señor mestre, cada día o quero máis polo ben que se explica. Pois isto me leva a min a mensaxe que acaba agora de sacar do grupo popular, porque me deixou totalmente fascinado. Sobre todo como se empezou, porque se empezou dicindo que o Prestige foi bo para Galicia. Se o Partido Popular di que o Prestige foi bo para Galicia, eu creo que é das cousas máis fortes que escoitei na miña vida.

É moi fácil dar datos de mensaxes que non son oficiais. O que temos claro é o que aparece na moción. Si que é verdade que o 13 de decembro, o 112 recibe a chamada dun veciño de Corrubedo alertando da



presenza de decenas de sacos de microplásticos na praia ribeirense de Balieiros, pese ao cal dende a Xunta de Galicia non se toma ningunha medida ata case un mes máis tarde, cando a presión social e mediática impide tapar durante máis tempo o acontecido. É dicir, o 112 non é o Camgal, o 112 é a Xunta de Galicia. O 20 de decembro ás 18:30 horas, Salvamento Marítimo de Fisterra comunica ao Servizo de gardacostas, dependente da Xunta de Galicia, que a chegada de “pellets” ás costas galegas débese á perda do colector do Toconao, pero non é ata o 4 de xaneiro, 15 días despois, cando a Xunta se dirixe a algúns concellos, a través dunha carta asinada polo Conselleiro do Mar, para lembrarlles que son eles, os concellos, os que teñen as competencias na limpeza dos areais e, polo tanto, desentendéndose desa labor e, o que é máis importante, da súa obriga de colaborar aportando medios, recursos, información e orientación a aqueles que estaban a asumir, en exclusiva, a limpeza dos restos do verquido que chegaban ás nosas costas. Primeiro dicir que esta carta non chegou á maioría dos concellos, é totalmente falso. E no Pleno da Mancomunidade de Concello de Ferrolterra, tódolos concellos, perdón, salvo o Concello de Ferrol, e grazas ao Alcalde de Ferrol, que foi o que nos deu a carta ós demais Alcaldes e Alcaldesas que estivemos alí presentes, non houbo ningún concello que recibira esta carta, ningún concello. Si que é verdade, vou poñer unha lanza a favor do Partido Popular, é verdade que hai moitos plásticos no mar, e oxalá, a Xunta de Galicia nos de medios para poder limpalos. A xurisprudencia tamén di, e mais nas Illas Canarias pasou hai pouco, que nos concellos de menos de 20.000 habitantes a responsabilidade vai a ser autonómica e verase co tempo. De todos modos, o 6 de xaneiro a Xunta activa o Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña (CAMGAL), sorprendentemente no seu nivel 1 -no nivel 1 todos sabemos que non se lle pide ao Estado, as competencias do mar son do Estado e as competencias en terra son da Xunta de Galicia, diso ninguén di o contrario- o que impedía a intervención dos medios do Estado, segundo o establecido no protocolo aprobado polo Goberno Central durante a etapa de goberno do PP, que obriga a activar o nivel 2 para que o Goberno do Estado poida actuar. Non é ata o día 9 de xaneiro cando Asturias, comunidade afectada por este verquido con posterioridade a Galicia, decreta o nivel 2, momento no que a Xunta decide seguir os seus pasos e proceder a activar ese nivel de alerta que permite actuar ao Estado. É dicir, en ningún momento se non o fai Asturias eu creo que nin hoxe estaríamos no nivel 2. Iso si, negándose a concretar que medios precisa para tal fin, chegando a declarar o propio Alfonso Rueda días antes “*el que quiera ayudar, que ayude*”, ou a Conselleira de Medioambiente, Ánxeles Vázquez, “*el Gobierno Central tiene que saber lo que ellos necesitan*” -do Conselleiro non vou a dicir nada, do Conselleiro do Mar que todos sabemos o que dixo- para un día despois acabar pedindo un avión, dous helicópteros, 11 barcos e un submarino. É dicir, Portugal estaba acolloado por se íamos a recoller os pellets con iso, porque iso era para invadir Portugal. Así mesmo, cómpre ter en conta as contradicións dos distintos responsables da Xunta e cargos do PP, en relación coas características, composición e, sobre todo, posible toxicidade ou non do material que chega ás nosas costas, sen ter a estas alturas a constatación de si pode ser ou non prexudicial. Creo que sobra falar de se son prexudiciais os plásticos, comelos, non comelos, e todo iso, non vou entrar nese campo porque sería todo un despropósito. Como foi un despropósito, que pon negro sobre branco a nefasta xestión da Xunta de Galicia presidida por Alfonso Rueda dunha nova catástrofe nas costas galegas. Que non é a do Prestige, está claro, e grazas a Deus que non foi así. Unha xestión que seguiu ao pé da letra o manual do Prestige, minimizando as consecuencias do verquido e actuando tarde, mal e arrastrado pola presión social, mentindo e ocultando información e responsabilizando aos demais daquilo que é da súa competencia. Eu creo, sinceramente, que sexa na costa de Portugal, na costa galega, está claro que ninguén ten culpa, o Partido Popular non ten culpa de que caeran os contedores ó mar, nin o Partido Socialista, nin o BNG, nin os peixes, nin as rochas, nin ninguén. Si que todos somos responsables de todo iso, é dicir, así como os concellos, o concello como o de Cedeira é do que podemos falar porque ó final un argumentario que trae o Partido Popular, un argumentario que trae o BNG, un argumentario que trae o Partido Socialista, que son argumentarios que fan a nivel partido, pero o que temos é a clara experiencia do que hai aquí. A nosoutros non nos chegou ningunha carta, a nosoutros en ningún momento ninguén da Xunta de Galicia se puxo en contacto con nós, nosoutros advertimos á Xunta de



Galicia, iso é o que non pode ser, é dicir, todo o demais podemos falar, podemos dicir, e podemos facer o que sexa. Volvo a dicir o de antes, cantas máis axudas podamos ter dende a Xunta aos concellos para poder facer as limpezaas na praia, como se fixo o outro día, que non se sacaron pellets, é verdade que non había ningún pellets ese día, pero sacamos moitos centos de quilos de todo tipo de materiais de plástico, do cal estamos moi orgullosos e oxalá se fixesen moitos máis e, como ben di, o mar está cheo de plásticos.

Por iso, a min gustaríame poñer unhas cantas addendas ao documento que presenta o BNG, que serían:

“- A elaboración de material informativo que poñerá a disposición de confrarías, asociacións, mercados, peixerías, etc.; para evitar calquera dúbida que as consumidoras e consumidores poidan ter sobre a excelente calidade do produto que se extrae das nosas costas e se comercializa, incluíndo a súa difusión a través das redes sociais e medios telemáticos, evitando facer campañas partidistas como a que fixo a Xunta recentemente.

- Se centralice e realice, en representación de todos os concellos e sectores afectados, as xestións necesarias para a reclamación dos custes nos que incorreron e están a incorrer os mesmos, así coma das posibles indemnizacións que poidan derivarse como consecuencia desta situación.”

Eu non quero que pague a Xunta, ninguén quere que pague a Xunta, por suposto, o que queremos é que pague a empresa, é a que ten que pagar todos os gastos. Pero si, o que queremos é que a Xunta é a que nos ten que dar toda a información posible, é realmente quen ten os medios, quen ten os orzamentos máis grandes, quen ten 13.000 millóns de orzamento nestes momentos, sexan eles os que se poñan en contacto cos concellos, os que nos digan como se teñen que retirar eses pellets, que nos digan como teñen que facerse ese tipo de actuacións. Esta é a realidade. A nivel de datas, se a un barco, un gran petroleiro destes, cargueiro de grandes dimensións, lle caen os contedores ó mar, eu supoño que terán uns protocolos establecidos que terán que avisar, primeiro ás autoridades portuguesas. Os protocolos eu non os teño diante, nin sei como son pero está claro que o día que lle caeron estaban identificados eses contedores, onde estaban e o perigo que ían ter.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Nosoutros non temos ningún inconveniente, ó contrario, agradecemos as addendas que se fan á nosa moción. Soamente quería dicir un par de cousas moi sinxelas, tampouco vou a meterme en números nin datos que deu o señor Cribeiro. O primeiro é que o que escribiu iso, evidentemente parecía Marcial Lafuente Estefanía, é unha novela relatada que todos fomos capaces de ler no seu momento, que non é exactamente como di vostede porque hai quen ten outro relato diferente, e non pasaba nada ata que empezou a pasar, e entón empezaron a tremar as carnes de certas persoas e empezaron a poñerse nerviosos na Xunta de Galicia. Eu tiven a sorte de estar coas mariscadoras, cos mariñeiros, eu e compañeiros e compañeiras do PP, do PSOE perdón, do PSOE e do BNG, tivemos a gran sorte de poder estar con moitas mariscadoras, moitos mariscadores, moitos mariñeiros o outro día en Compostela, defendendo ó sector pesqueiro e, moitos deles -que eran absolutos votantes do PP en tempos cando as confrarías estaban absolutamente dominadas polo PP- estaban indignados. Dicían: xa nola meteron unha vez, e agora é unha segunda vez. Estaban indignados. Eu estaba alí con eles, aquela non era unha manifestación do BNG, nin do PSOE, era unha manifestación das asociacións ambientais e dos mariñeiros e das mariscadoras e da xente do mar. Nosoutros íamos a acompañalos porque estabamos de acordo con eles. Non lles vin a ningún de vostedes axudarnos a limpar a praia, que a praia tamén é de todos, que vostedes tamén van a praia -os que tedes piscina, non- pero tamén ides á praia, tamén hai que limpala, facémolo tres veces ó ano, e quitamos moitísimas toneladas de plástico. Se o representante deste documento que acaba de ler é unha persoa como o patrón maior de Muxía, pois estamos apanados, porque é Cary Grant pero sen pistola. Tamén dicirlle que o seu Conselleiro que estaba detrás del, o Conselleiro de pesca, que nos dixó unha realidade inevitable, que el ten un furado por onde mete a comida e ten outro por onde.... Declaración do Conselleiro de pesca diante da xente pensando que somos parvos. Pouca anatomía estudamos algúns, pero a que estudamos sabemos como é. E para rematar a miña intervención, está moi ben o que



fixo o argumentario, non digo que non, seguramente colleu moi ben as datas, os códigos e os artigos. Voulle dicir pouco tempo lle queda a esta coalición? Señor Cribeiro, vanlle saír canas brancas candos nos marchemos da coalición, pelo totalmente coma o meu, vai quedar branquiño, branquiño, quedannos moitos anos e, afortunadamente, pois así vostedes traballan menos do que fan agora.

O Sr. Cribeiro García di: Paréceme mal señor Alcalde o seu argumentario do principio, pódeo aplicar tamén no seu caso, podíamos dicir exactamente o mesmo. Jose paréceme lamentable, que ó señor Marcial Lafuente Estefanía que o compare cun argumentario cun escritor que no seu momento tivo moitos lectores neste país e segue tendo. Iso de que traballen menos do que fan agora, eu creo que está fóra de contexto, cada un traballa o que sabe, o que pode ou o que lle deixan. Eu teño a praia ao lado e baixo tanto en inverno coma en verán. E vostede vains dicir agora e vains dirixir a nosa vida? Vostede cada vez que haxa un acto vains obrigar a asistir a ese acto? Iso é propio dun sistema totalmente comunista, onde o Estado dita o que debe de pensar cada persoa, estamos nun país libre. Baixamos e baixaremos á praia as veces que fagan falta. Eu recollín moito lixo e non teño porque facer un acto público onde o señor Cribeiro e, posiblemente tamén os meus compañeiros, sacan unha foto. Ai que bonitos! Este domingo estivemos na praia? Non.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Iso si que é unha falta de respecto, iso si que é falta de respecto.

O Sr. Cribeiro García di: Estou falando no caso voso. No caso das asociacións xa sei que as asociacións que son o máximo respectables e sei que están traballando pola limpeza dos ríos e das praias, iso si que o teño clarísimo. E nada máis, non quero entrar en máis polémicas.

O Sr. Alcalde di: Creo que xa está todo argumentado por todas as partes. Tampouco vou entrar, cada un ten a súa opinión das causas. Está claro que nosoutros levamos moitos anos facendo actividades, participando con asociacións e seguiremolo facendo e seguramente que vostedes o estarán a facer con outras asociacións e entidades, e o seguirán facendo. Ninguén saca unha foto por sacar unha foto, senón por sentirse orgulloso de facer un traballo. Ó final estamos falando dun tema en concreto, empezouse xa a falar de temas de goberno. Non sei se sabe que dende o ano 2015 cantos orzamentos aprobamos? Non o sabe, é normal que vostede non o saiba porque vostede non estaba aquí, pero levamos en oito anos, oito orzamentos, é dicir, que estamos aprobando cada ano un orzamento, e cando facemos un orzamento non collemos un copia-pega dun ano para outro e o facemos, intentamos facelo, o mellor posible. Pero vostede sabe que estivo nun Concello que non é doado.

Gustárame facer un inciso, sobre todo, disto que está vostede a falar, que estamos todos a falar, co tema das competencias e non competencias, é todo iso. Cedeira ten un problema, a nosa ría ten un problema, que temos unha reserva mariña e temos problema porque as mariscadoras de Valdoviño e Cedeira, entre Vilarrube e Cedeira, detectan contaminación. Nós reunímonos con elas, coas mariscadoras, coa Confraría, co Concello de Valdoviño, co Concello de Cedeira, todos xuntos, aquí neste salón de Plenos, para intentar buscar unha solución e a solución é intentar saber de onde veñen; se veñen das Forcadas, se ven de que o porto de Cedeira non ten un saneamento e vértese moito cara o mar. Hai moitísimos factores que poden, que poderíamos intuír que poden ver, pero non sabemos, para iso hai Administracións que poden axudar, Augas de Galicia, Intecmar, Portos, quen sexa. Pedimos unha reunión coa delegada da Xunta en Ferrol para ter unha reunión despois con calquera desas entidades, pois o que lle está importando á Xunta a área de Cedeira é que hai 36 días que se pediu esa reunión, fan mañá 36 días, e aínda non temos contestación. É iso creo que para nós, para todos os que estamos aquí, é moi importante, 36 días mañá sen ter unha contestación.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Me permites, o Alcalde me permite concretar un tema sobre a contaminación na ría de Cedeira?



O Sr. Alcalde di: Se está de acordo. Temos un turno cada un, dous turnos. Se está de acordo Cribeiro?

O Sr. Cribeiro García di: Non teño ningún problema en escoitar.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Para dicir o grave que está a situación. Segundo o Intecmar, o Instituto Tecnolóxico do Mar de Vilanova de Arousa, os últimos datos de Cedeira son 18.000 partes por millón de colibacilos cando ten que haber máximo, o límite son 4.600. Unha situación tremendamente grave. Somos zona C de contaminación, pasamos da B á C, o cal quere dicir que temos que levar todo o marisco de aquí, sacalo a zonas onde se poida depurar, co cal morre a metade do marisco. Estamos moi preocupados e necesitamos esa reunión urxentemente. Levamos un montón de tempo esperando.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por nove (9) votos a favor, do PSdeG-PSOE (5) e do BNG (4), e tres (3) votos en contra do PP, ACORDA: aprobar as emendas propostas pola Presidencia e a súa incorporación ao ditame da Comisión informativa.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por nove (9) votos a favor, do PSdeG-PSOE (5) e do BNG (4), e tres (3) votos en contra do PP, ACORDA: APROBAR o ditame emendado da Comisión Informativa de Plenos que queda redactado como se transcribe de seguido:

“Moción para demandar a que a Xunta de Galiza accións para paliar as consecuencias da “marea plástica” nas costas galegas

Jose Antonio Rodriguez Arribe, portavoz do Grupo Municipal do BNG do Concello de Cedeira presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

Exposición de motivos:

Máis unha vez o litoral galego sofre unha catástrofe ambiental e máis unha vez a Xunta de Galiza afrontou esta crise con ocultación, con mentiras, cunha flagrante negligencia e deixando sós aos concellos.

O 8 de decembro, segundo os Gobiernos español e portugués, o barco “Toconao”perdía en alta mar varios colectores. Un deles levaba 1.050 sacos, de 26,25 quilos cada un de *pellets* plásticos. O 13 de decembro a Xunta de Galiza xa é sabedora deste vertido no medio mariño, máis non será ata practicamente un mes máis tarde, a causa da presión social e mediática, cando comece a tomar as primeiras medidas.

É o 4 de xaneiro, cando se dirixe por primeira vez a algúns concellos costeiros, mediante unha carta do conselleiro do Mar, mais non para ofrecerlle colaboración ou os medios humanos e técnicos necesarios, senón unicamente para lembrarlles as “competencias que ten a administración local na limpeza dos areas”, precisamente despois de que fore esa a única administración que, con recursos propios, estaba atendendo a limpeza das praias desde o primeiro momento.

Aínda que a marea plástica seguía a estenderse, o 6 de xaneiro o Goberno galego activa o Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña (Plan Camgal) no seu nivel mínimo, que se mantén ata o día 9 cando se decreta o nivel 2 que permite que poidan intervir medios estatais.

A día de hoxe a Xunta continúa sen dispoñer de persoal suficiente nas praias, só 200 efectivos, sen facilitar equipos ou material de protección para as miles persoas voluntarias que están efectuando a limpeza e que tampouco e quen de coordinar.



É evidente que o Goberno galego fixo deixación de funcións, abandonou os concellos á súa sorte, desentendeuse da coordinación do voluntariado, mesmo naquelas zonas medioambientalmente máis sensíbeis, e non está a prever as consecuencias que a marea plástica pode ter no sector pesqueiro e marisqueiro galego.

Por outra banda, vén de afirmar que, segundo os informes contratados a unha empresa privada, os plásticos non son “tóxicos nin perigosos”, valoración que non comparte nin a UE nin a Fiscalía de Medio Ambiente do Estado que xa abriu unha investigación.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete esta moción a debate e aprobación polo Pleno do concello de Cedeira propondo a **adopción dos seguintes ACORDOS:**

Esixir á Xunta de Galiza que:

1. Faga efectiva a súa colaboración cos concellos poñendo á súa disposición de inmediato todos os medios técnicos, materiais e humanos suficientes para facer fronte á crise ambiental que están a vivir.
2. Aumente o persoal de limpeza das praias ao seu cargo, de xeito que ningún areal afectado quede sen atender.
3. Centralice e se faga cargo de todas as xestións de reclamación de danos e resarcimento de gastos aos concellos por parte da aseguradora do buque que provocou o accidente.
4. Despregue todos os buques e helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galiza para intensificar a vixilancia e actuar de inmediato.
5. Leve a cabo os estudos necesarios nos centros de investigación propios e en colaboración coas universidades galegas para determinar a composición e efectos dos plásticos, tanto na flora e fauna costeira como nas persoas.
6. Atenda a afectación que a marea plástica puidese ter na actividade pesqueira e marisqueira das nosas rías e, como consecuencia, nos traballadores e traballadoras do mar.
7. A elaboración de material informativo que poñerá a disposición de confrarías, asociacións, mercados, peixerías, etc.; para evitar calquera dúbida que as consumidoras e consumidores poidan ter sobre a excelente calidade do produto que se extrae das nosas costas e se comercializa, incluíndo a súa difusión a través das redes sociais e medios telemáticos, evitando facer campañas partidistas como a que fixo a Xunta recentemente.
8. Se centralice e realice, en representación de todos os concellos e sectores afectados, as xestións necesarias para a reclamación dos custes nos que incorreron e están a incorrer os mesmos, así coma das posibles indemnizacións que poidan derivarse como consecuencia desta situación.”

4. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 660/2023 DO 28.12.2023 DE PRÓRROGA DO ORZAMENTO PARA O ANO 2024

Pola Secretaria dáse lectura á resolución de Alcaldía núm. 660/2023 de data 28.12.2023, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

De acordo co disposto no artigo 112.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, o artigo 169.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 21.1 e 2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, se ao



iniciarse o exercicio económico non entrase en vigor o orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o do exercicio anterior.

A piques de rematar o exercicio 2023 sen quen nesta data o Pleno do Concello adoptara o acordo de aprobación inicial do orzamento municipal para o ano 2024, debe prorrogarse o orzamento ao vindeiro exercicio.

Esta Alcaldía, vistos os informes de Intervención, do 28 de decembro de 2023, e no exercicio das competencias atribuídas polo artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, e de conformidade co disposto no artigo 169.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e co artigo 21 do Real Decreto 500/1990, de orzamentos das entidades locais,

RESOLVE:

PRIMEIRO. Aprobar os axustes a realizar sobre os créditos iniciais do orzamento do ano 2023 que se prorrogará para o exercicio 2024, xunto coas súas bases de execución, en tanto non entre en vigor o orzamento do exercicio 2024, de acordo co seguinte detalle:

| Programa | Económica | Créditos Iniciais | Baixa (en €) | Importe prorrogado |
|------------------------------|-----------|-------------------|-------------------|--------------------|
| 135 | 48900 | 17.800,00 | 17.800,00 | 0,00 |
| 135 | 78900 | 6.000,00 | 6.000,00 | 0,00 |
| 1532 | 61900 | 130.000,00 | 130.000,00 | 0,00 |
| 1532 | 63500 | 15.315,45 | 15.315,45 | 0,00 |
| 1623 | 63200 | 59.997,96 | 59.997,96 | 0,00 |
| 165 | 63500 | 15.000,00 | 15.000,00 | 0,00 |
| 171 | 61900 | 2.000,00 | 2.000,00 | 0,00 |
| 231 | 48900 | 16.000,00 | 16.000,00 | 0,00 |
| 231 | 62500 | 20.904,00 | 20.904,00 | 0,00 |
| 311 | 48900 | 12.000,00 | 12.000,00 | 0,00 |
| 3232 | 48900 | 10.000,00 | 10.000,00 | 0,00 |
| 324 | 48900 | 10.000,00 | 10.000,00 | 0,00 |
| 334 | 48900 | 134.500,00 | 88.500,00 | 46.000,00 |
| 334 | 78900 | 15.000,00 | 15.000,00 | 0,00 |
| 334 | 63200 | 20.000,00 | 20.000,00 | 0,00 |
| 336 | 63200 | 74.000,00 | 74.000,00 | 0,00 |
| 338 | 48900 | 4.000,00 | 4.000,00 | 0,00 |
| 341 | 48900 | 45.000,00 | 45.000,00 | 0,00 |
| 341 | 62500 | 10.000,00 | 9.655,80 | 344,20 |
| 341 | 78900 | 15.000,00 | 15.000,00 | 0,00 |
| 342 | 62500 | 10.000,00 | 9.147,60 | 852,40 |
| 342 | 63300 | 27.000,00 | 26.250,95 | 749,05 |
| 450 | 61900 | 130.338,45 | 130.338,45 | 0,00 |
| 920 | 62300 | 19.000,00 | 15.700,00 | 3.300,00 |
| 920 | 63300 | 18.000,00 | 18.000,00 | 0,00 |
| 933 | 63200 | 142.636,01 | 142.636,01 | 0,00 |
| TOTAL AXUSTES Á BAIXA | | | 928.246,22 | |



SEGUNDO. O orzamento prorrogado para o ano 2024 quedaría, despois dos axustes realizados da seguinte maneira:

ESTADO DE GASTOS

| | CAPÍTULO | 2024 |
|---|-------------------------------------|---------------------|
| 1 | Gastos de persoal | 3.234.396,20 |
| 2 | Gastos correntes en bens e servizos | 1.998.550,65 |
| 3 | Gastos financeiros | 5.000,00 |
| 4 | Transferencias correntes | 227.232,23 |
| 6 | Inversións reais | 6321,81 |
| 8 | Activos financeiros | 3.000,00 |
| | TOTAL | 5.474.500,89 |

ESTADO DE INGRESOS

| | CAPÍTULO | 2024 |
|---|--|---------------------|
| 1 | Impostos directos | 2.057.820,76 |
| 2 | Impostos indirectos | 65.000,00 |
| 3 | Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 943.149,65 |
| 4 | Transferencias correntes | 2.730.122,55 |
| 5 | Ingresos patrimoniais | 141.416,70 |
| 7 | Transferencias de capital | 465.237,45 |
| | TOTAL | 6.402.747,11 |

TERCEIRO. Dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre, para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades.”

O Pleno queda enterado.

5. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA ADOPTADAS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por RD 2568/1986, a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas desde a realización da última sesión plenaria con carácter ordinario, aos efectos de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

| Nº DECRETO | ASUNTO |
|------------|--------|
|------------|--------|



| | |
|------------|---|
| 00597/2023 | NÓMINA MES DE NOVEMBRO 2023 |
| 00598/2023 | XUSTIFICACION DA AES MUNICIPAL CONCEDIDA NO DECRETO 529/2023 DO 26.10.2023, EXPTE TEDEC 2023/S009/000033 |
| 00599/2023 | AUTORIZACIÓN DE PAGAMENTOS A XUSTIFICAR. PAX 01/2023 |
| 00600/2023 | TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000030335 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO |
| 00601/2023 | DESIGNACIÓN DE AVOGADO NO PROCEDIMENTO ORDINARIO 174/2023 DE MARÍA ISABEL ÁLVAREZ JOVE CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA |
| 00602/2023 | REMISIÓN DE EXPEDIENTE AO XULGADO P.O. 174/2023, MARÍA ISABEL ÁLVAREZ JOVE CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA |
| 00603/2023 | APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F-2023-54 |
| 00604/2023 | APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRA NÚM. 1-FINAL DO CONTRATO DE CAMBIO DE CALDEIRAS DE GAS POR BIOMASA EN PISCINA MUNICIPAL |
| 00605/2023 | APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA CORRESPONDENTE AO FINANCIAMENTO CONCEDIDO AO ABEIRO DO FONDO ADICIONAL AO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL DESTINADO A CONCELLOS DE MENOS DE 15000 HABITANTES |
| 00606/2023 | CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE CONTROL DE CALIDADE DA OBRA "MELLORA DE FIRME DOS CAMIÑOS EN A LABOREÑA, CARTAS E O PENEIRO". AGADER 2023 |
| 00607/2023 | LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F-2023-55 |
| 00608/2023 | APROBACIÓN DAS BASES DE SELECCIÓN PARA O CAMPAMENTO URBANO DE NADAL DO CONCELLO DE CEDEIRA 2023 |
| 00609/2023 | CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE DIRECCIÓN DE OBRA E COORD. SEG. E SAÚDE DA OBRA DE MELLORA DE FIRME DOS CAMIÑOS EN A LABOREÑA, CARTAS E O PENEIRO. AGADER 2023 |
| 00610/2023 | AUTORIZACIÓN PARA QUE A TRABALLADORA DONA ÁNGELES FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ POIDA CONTINUAR NO SEU POSTO DE TRABALLO UN ANO MAIS, UNHA VEZ CUMPRIDA A IDADE DE XUBILACIÓN REGULAMENTARIA |
| 00611/2023 | APROBACIÓN DO PLAN DE SEG. E SAÚDE DA OBRA DE MELLORA DE FIRME DOS CAMIÑOS EN A LABOREÑA, CARTAS E O PENEIRO. AGADER 2023 |
| 00612/2023 | LEVANTAMIENTO DE REPARO A FACTURA F-2023-3070 DE SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU |
| 00613/2023 | PARTICIPACIÓN EN LA SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA LA DIGITALIZACIÓN DEL CICLO INTEGRAL DEL AGUA EN VARIOS CONCELLOS GESTIONADOS POR VIAQUA AL AMPARO DE LA SEGUNDA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES (2023) EN CONCURRENCIA COMPETITIVA DE PROYECTOS DE MEJORA DE LA EFICIENCIA DEL CICLO URBANO DEL AGUA -PERTE DE DIGITALIZACIÓN DEL CICLO DEL AGUA, EN EL MARCO DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA |
| 00614/2023 | NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL |
| 00615/2023 | CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE CAMPAMENTO CONCILIA DE NADAL |
| 00616/2023 | CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE MATERIAL E ELEMENTOS DE SEGURIDADE PARA PARQUE DE AVENTURAS NA SERRA DA CAPELADA |
| 00617/2023 | CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE INSTALACIÓN DE ELEMENTOS DECORATIVOS EN ESPAZOS PÚBLICOS DURANTE O NADAL 2023 |
| 00618/2023 | CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE ILUMINACIÓN ORNAMENTAL EN VÍAS PÚBLICAS DURANTE O NADAL 2023 |
| 00619/2023 | LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2023/57 |
| 00620/2023 | APROBACIÓN DA CERTIF. NÚM. 9 DA OBRA DE MELLORA DAS BEIRARRÚAS NA AVDA ESPAÑA, RÚA PONTE NOVA E OUTRAS. POS ADIC 2/2021 |
| 00621/2023 | COMPOSICIÓN DA MESA ELECCIÓN SINDICAIS PERSOAL LABORAL 2023 |
| 00622/2023 | TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000030420 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO |
| 00623/2023 | LICENZA NÚM. 202304 PARA A TENENCIA DE ANIMAL PERIGOSO |



| | |
|------------|--|
| 00624/2023 | LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2023/58 |
| 00625/2023 | NÓMINA EXTRAORDINARIA DECEMBRO 2023 |
| 00626/2023 | CONTRATO DE SERVICIOS PARA IMPLANTAR UN SISTEMA DE MEDICIÓN DA CALIDADE DO AIRE NOS EDIFICIOS MUNICIPAIS |
| 00627/2023 | APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO CON AGADIC - 2023 - SEMESTRE 2 |
| 00628/2023 | CONSENTIMENTO EXPRESO A SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SL PARA DEVOLUCIÓN INGRESO DUPLICADO POR MULTA AO VEHÍCULO 0426-BKV |
| 00629/2023 | CONTRATO MENOR DE SERVICIOS DE PUBLICIDADE DO PROGRAMA GASTROMAR |
| 00630/2023 | APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA CORRESPONDENTE Á XUSTIFICACIÓN DO ANTICIPO DE CAIXA FIXA NÚM. 3/2023 POR GASTOS DE PEAXE E PARKING PARA USO DO ALCALDE COMO HABILITADO NÚM. H33994323R |
| 00631/2023 | CONTRATO MENOR DE SERVICIOS DE DIRECCIÓN DE OBRA E COORD. S.S. DA OBRA DE REPARACIÓN DE CUBERTA NO ESCOLAR DE SAA |
| 00632/2023 | TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000030473 RESOLUCIÓN SANCIONADORA RESOLUCIÓN SANCIONADORA |
| 00633/2023 | DISPOSICIÓN DE GASTOS POR ASISTENCIAS AO PROCESO DE SELECCIÓN DE TRABALLADOR SOCIAL DO ANO 2023 |
| 00634/2023 | LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2023/59 |
| 00635/2023 | CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE CARTEL INFORMATIVO PARA USO EXTERIOR DE COMPOSITE ALUMÍNICO |
| 00636/2023 | TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000030490 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO |
| 00637/2023 | TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000030489 ACUERDO INICIO 9BIS ACUERDO INICIO NO IDENTIFICACIÓN CONDUCTOR |
| 00638/2023 | CONTRATACIÓN DE SUSANA CEBREIRO PAZ COMO LIMPADORA POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS. |
| 00639/2023 | APROBACIÓN PAGO DA APORTACIÓN NA XIII COPA FEDERACIÓN DE CANS DE RASTRO SOBRE XABARIL SALVAXE TERRAS DE ORTEGAL |
| 00640/2023 | MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DE NOVEMBRO DE 2023 |
| 00641/2023 | CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA BIORRESIDUOS. LIÑA 1 |
| 00642/2023 | CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA COMPOSTAXE DOMÉSTICA. LIÑA 2 |
| 00643/2023 | CAMBIO DA COMPOSICIÓN DA MESA ELECTORAL POLO COLEXIO DE TÉCNICOS E ADMINISTRATIVOS DAS ELECCIÓNS SINDICAIS PERSOAL LABORAL 2023 |
| 00644/2023 | CONTRATACIÓN DE DONA VANESA MARÍA PÉREZ ZURDO COMO LIMPADORA POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS NO POLIDEPORATIVO MUNICIPAL A MEDIA XORNADA |
| 00645/2023 | RECOÑECEMENTO TRIENIOS CORRESPONDENTES AOS SERVICIOS PRESTADOS POR DONA IRIS PITA LEONARDO |
| 00646/2023 | TESOUREIRO ACCIDENTAL |
| 00647/2023 | DELEGACIÓN DA PRESIDENCIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 22.12.2023 |
| 00648/2023 | CONTRATO MENOR DE SERVICIOS DE INFOGRAFÍA BÁSICA: SEGUNDA PARTIDA PARA A EXPOSICIÓN PERMANENTE DO MUSEO TERRAS DE CEDEIRA |
| 00649/2023 | CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO E COLOCACIÓN DE PASAMANS NO RIO CONDOMIÑAS |
| 00650/2023 | CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO E COLOCACIÓN DE MALLA ANTIDESLIZANTE EN PASARELAS DE MADEIRA PEONÍS SITUADAS EN DIFERENTES ESPAZOS PÚBLICOS |
| 00651/2023 | REPARTICIÓN DA PRODUTIVIDADE DO ANO 2023 SEGUNDO OS CRITERIOS FIXADOS NA MESA DE NEGOCIACIÓN CELEBRADA O CINCO DE DECEMBRO DE 2022 |
| 00652/2023 | DENEGACION DA SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (GASTOS SANITARIOS E FARMACEUTICOS), |



| | |
|------------|--|
| | EXPTE TEDEC 2023/S009/000035 |
| 00653/2023 | DENEGACION DA SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (VESTIDO) EXPTE TEDEC 2023/S009/000036 |
| 00654/2023 | XUSTIFICACION DA AES MUNICIPAL CONCEDIDA NO DECRETO 474/2023 DO 28.09.2023 PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA, EXPTE TEDEC 2023/S009/000032 |
| 00655/2023 | NÓMINA MES DE DECEMBRO DE 2023 |
| 00656/2023 | SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL PEL-CONCELLOS 2024 |
| 00657/2023 | LEVANTAMIENTO DE REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2023/60 |
| 00658/2023 | APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA CORRESPONDENTE Á ANUALIDADE 2023 DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DA ORDE DO 30 DE NOVEMBRO DE 2021 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE BIORRESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL PARA OS ANOS 2022 E 2023 NA LIÑA 2: PROXECTO DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA PARA PROMOVER A RECICLAXE DE RESIDUOS ORGÁNICOS NO CONCELLO DE CEDEIRA |
| 00659/2023 | MELLORA DE FIRME DOS CAMIÑOS EN A LABOREÑA, CARTAS E O PENEIRO. AGADER 2023 |
| 00660/2023 | PRÓRROGA ORZAMENTARIA PARA O ANO 2024 |
| 00661/2023 | APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2023/61 |
| 00662/2023 | APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA PARCIAL CORRESPONDENTE Á PRIMEIRA ANUALIDADE DA SUBVENCIÓN DO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS 2023-2024, DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL |
| 00663/2023 | LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F-2023-62 |
| 00664/2023 | APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA CORRESPONDENTE Á ANUALIDADE 2023 DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DA ORDE DO 1 DE XUÑO DE 2023 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE BIORRESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL PARA OS ANOS 2022 E 2023 NA LIÑA 1 |
| 00665/2023 | APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA CORRESPONDENTE Á ANUALIDADE 2023 DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DA ORDE DO 1 DE XUÑO DE 2023 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE BIORRESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL PARA OS ANOS 2022 E 2023 NA LIÑA 2 |
| 00666/2023 | APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA CORRESPONDENTE Á ANUALIDADE 2023 DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DA ORDE DE 21 DE XULLO DE 2023 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA A FINANCIACIÓN DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL- LIÑA 3: PUNTOS LIMPOS MÓBILES |
| 00001/2024 | CAMBIO DA COMPOSICIÓN DA MESA ELECTORAL POLO COLEXIO DE ESPECIALISTAS E NON CUALIFICADOS DAS ELECCIÓNS SINDICAIS PERSOAL LABORAL |
| 00002/2024 | ADXUDICACIÓN DO DEREITO A CONSERVAR RESTOS NO CEMITERIO MUNICIPAL A FAVOR DE Dª MARÍA CARMEN QUINTIANA GARCÍA (DEFUNCIÓN MARÍA ÁNGELES CORRAL QUINTIANA) |
| 00003/2024 | ADXUDICACIÓN DO DEREITO A CONSERVAR RESTOS NO CEMITERIO MUNICIPAL A FAVOR DE Dº JESÚS MOSQUERA FREIRE (DEFUNCIÓN MARÍA MÓNICA MOSQUERA FREIRE) |
| 00004/2024 | ADXUDICACIÓN DO DEREITO A CONSERVAR RESTOS NO CEMITERIO MUNICIPAL A FAVOR DE Dº FRANCISCO MANUEL ZAERA PEREZ (DEFUNCIÓN FRANCISCO JOSÉ ZAERA IGLESIAS) |
| 00005/2024 | ADXUDICACIÓN DO DEREITO A CONSERVAR RESTOS NO CEMITERIO MUNICIPAL A FAVOR DE Dº JOSÉ CARLOS GARCÍA LÓPEZ (DEFUNCIÓN JUANA VILLAR PONCE) |
| 00006/2024 | ADXUDICACIÓN DO DEREITO A CONSERVAR RESTOS NO CEMITERIO MUNICIPAL A FAVOR |



| | |
|------------|--|
| | DE D ^a MARÍA JOSEFA ANEIROS GARROTE (DEFUNCIÓN ANTONIO RODRÍGUEZ VERGARA) |
| 00007/2024 | ADXUDICACIÓN DO DEREITO A CONSERVAR RESTOS NO CEMITERIO MUNICIPAL A FAVOR DE D ^o RICARDO VILLAR MARTINEZ (DEFUNCIÓN RICARDO VILLAR ARRIVI) |
| 00008/2024 | ADXUDICACIÓN DO DEREITO A CONSERVAR RESTOS NO CEMITERIO MUNICIPAL A FAVOR DE D ^a LUCÍA GONZÁLEZ CORRAL (DEFUNCIÓN MARÍA CARMEN QUINTIANA GARCÍA) |
| 00009/2024 | ADXUDICACIÓN DO DEREITO A CONSERVAR RESTOS NO CEMITERIO MUNICIPAL A FAVOR DE D ^a ESTHER COUTO LAMIGUEIRO (DEFUNCIÓN ANTONIO LAMIGUEIRO RAMIL) |
| 00010/2024 | ADXUDICACIÓN DO DEREITO A CONSERVAR RESTOS NO CEMITERIO MUNICIPAL A FAVOR DE D ^o JOSÉ LUÍS RODRÍGUEZ REY (DEFUNCIÓN JOSÉ LUÍS RODRÍGUEZ PÉREZ) |
| 00011/2024 | ADXUDICACIÓN DO DEREITO A CONSERVAR RESTOS NO CEMITERIO MUNICIPAL A FAVOR DE D ^a LUCÍA YASMINA MARCOS DIAZ (DEFUNCIÓN MARÍA DOLORES LINARES GARCÍA) |
| 00012/2024 | ADXUDICACIÓN DO DEREITO A CONSERVAR RESTOS NO CEMITERIO MUNICIPAL A FAVOR DE D ^a JOSEFA LÓPEZ REY (DEFUNCIÓN JOSÉ MARTÍNEZ ÁLVAREZ) |
| 00013/2024 | ADXUDICACIÓN DO DEREITO A CONSERVAR RESTOS NO CEMITERIO MUNICIPAL A FAVOR DE D ^a ENCARNACIÓN MAROÑO DORNA (DEFUNCIÓN JOSÉ LUÍS LÓPEZ RODRÍGUEZ) |
| 00014/2024 | ADXUDICACIÓN DO DEREITO A CONSERVAR RESTOS NO CEMITERIO MUNICIPAL A FAVOR DE D ^a HILDA MARTÍNEZ LÓPEZ (DEFUNCIÓN JUAN ANTONIO RODRÍGUEZ BUSTABAD) |
| 00015/2024 | ADXUDICACIÓN DO DEREITO A CONSERVAR RESTOS NO CEMITERIO MUNICIPAL A FAVOR DE D ^o FELIPE ANEIROS LUACES (DEFUNCIÓN ISABEL MARÍA TERESA LUACES RAMOS) |
| 00016/2024 | NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL |
| 00017/2024 | EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DE HORAS EXTRAORDINARIAS PARA XESTIÓN TRIBUTARIA |
| 00018/2024 | ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DE DECEMBRO DE 2023 |
| 00019/2024 | NOMEAMENTO DE BENIGNO PÉREZ GARCÍA COMO TESOUREIRO ACCIDENTAL POLO CESE DA TESOUREIRA INTERINA DOÑA YOLANDA ARES BAO |
| 00020/2024 | XUSTIFICACION DA AES MUNICIPAL CONCEDIDA NO DECRETO 460/2023 DO 21.09.2023, EXPTE TEDEC 2023/S009/000031 |
| 00021/2024 | XUSTIFICACION DA AES MUNICIPAL CONCEDIDA NO DECRETO 412/2023 DO 23.08.2023 EXPTE TEDEC 2023/S009/000028 |
| 00022/2024 | NOMEAMENTO DE DON JESÚS PITA LEONARDO COMO FUNCIONARIO INTERINO PARA O POSTO DE ADMINISTRATIVO, CÓDIGO 15022AD-04, ADSCRITO O DEPARTAMENTO DE ADMINISTRACIÓN FINANCIERA. |
| 00023/2024 | MODELOS AEAT 111 E 303 DO CUARTO TRIMESTRE DE 2023 |
| 00024/2024 | ORDE DE EXECUCIÓN EN RUA DO MARIÑEIRO 6 1º |
| 00025/2024 | TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000030560 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO |
| 00026/2024 | TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000030559 ACUERDO INICIO 9BIS ACUERDO INICIO NO IDENTIFICACIÓN CONDUCTOR |
| 00027/2024 | MC 01 2024 XC 01 2024 |
| 00028/2024 | APROBACIÓN DO CONVENIO CON AGADIC - 2024 - SEMESTRE 1 E CONTRATACIÓN DE ESPECTÁCULOS |
| 00029/2024 | NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL |
| 00030/2024 | REQUIRIMENTO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE DEMOLICIÓN PARCIAL E ADECUACIÓN Á LEGALIDADE URBANÍSTICA DE VIVENDA UNIFAMILIAR ADOSADA EN CAMIÑO REAL DA MAGDALENA (PFE INCIDENTE DE EXECUCIÓN 0000001/2010 0002 DIMANANTE DE ETJ EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 0000001/2010) |
| 00031/2024 | APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO ORZAMENTARIO 2023 DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓES EN RÉGIMEN DE CONCORRENCIA COMPETITIVA A CONCELLOS PARA ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS ALTERNATIVOS MEDIANTE O SISTEMA DE RENTING CON DESTINO AOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL |
| 00032/2024 | RENUNCIA - LICENZA DE EDIFICACIÓN: REHABILITACIÓN E REFORMA DE VIVENDA (2019/U022/000015) |



| | |
|------------|---|
| 00033/2024 | SOLICITUDE DE DESISTIMENTO DA BAIXA DE VAO RÚA ESTRADA S/N |
| 00034/2024 | PRÓRROGA DO NOMEAMENTO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DO FUNCIONARIO INTERINO DON SERGIO QUINTÍA MANTEIGA |
| 00035/2024 | DELEGACIÓN DA ALCALDÍA NO CONCELLEIRO JOSÉ ANTONIO RODRIGUEZ ARRIBE PARA CELEBRACIÓN DE MATRIMONIO CIVIL |
| 00036/2024 | SUBSTITUCIÓN DO PAVIMENTO DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL |
| 00037/2024 | RENOVACIÓN DO ALUMBRADO PUBLICO NA AVDA. AREA E AVDA. CASTELAO. POS+ADIC 2-2022 |
| 00038/2024 | XUSTIFICACION SUBVENCIÓN ASOCIACIÓN MARES DE CEDEIRA ANO 2023 |
| 00039/2024 | SOLICITUDE DE AXUDA PARA A “REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DE LAVADOIRO DE PENELA E FONTE E LAVADOIRO DO PENEIRO” AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN DO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO DA XUNTA DE GALICIA 2024 -MT402B |
| 00040/2024 | TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000030639 RESOLUCIÓN SANCIONADORA RESOLUCIÓN SANCIONADORA |
| 00041/2024 | TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000030656 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO |
| 00042/2024 | DECRETO PAGO CANON AUGA |
| 00043/2024 | LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/63 |
| 00044/2024 | TERCEIRA MULTA COERCITIVA A Dª ANA LOUREIRO LÓPEZ RELATIVA AO EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA Nº 15/08 |
| 00045/2024 | CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO 22.01.2024 |

O Pleno queda enterado.

6. MOCIÓNS DE URXENCIA

Pola Presidencia pregúntase se algún dos presentes desexa someter á consideración do Pleno, por razón de urxencia, algún outro asunto non comprendido na orde do día que acompaña á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas, non presentándose ningún.

7. ROGOS E PREGUNTAS

Aberto o turno de rogos e preguntas o Sr. Cribeiro García di: Un rogo, en determinados medios de comunicacións e en redes sociais, o tema da recollida de lixo é un tema importante para o Concello de Cedeira, por iso pensamos que era fundamental que a través dos medios de comunicación a veciñanza coñecera a nosa posición. Dito isto, volvemos a instarlle a que se poña a traballar nese tema tan prioritario para a Vila e que deixe de botar balóns fóra. Recordámoslle que leva 9 anos gobernando, tempo máis que suficiente para mellorar as condicións do contrato do lixo e poñer fin á suciedade, ós malos olores e comezar a ter uns contedores limpos, desinfectados e unhas boas condicións laborais para os traballadores da empresa de recollida de lixo. E ó contrario do que vai dicindo o señor Moreda, nós si que sumamos, nós sumamos como oposición que se preocupa pola limpeza do noso pobo e non restamos deixando de lado un tema tan fundamental, coma é ter unha Cedeira limpa, unha Cedeira saneada e unha Cedeira coidada. Nós non criticamos, nós temos opinións acerca do fracaso da recollida de lixo no seu mandato. Nós, repito, non criticamos, estamos nun país libre e, polo tanto, nos manifestamos e manifestamos as nosas ideas. En Cuba si que non se pode facer por culpa dunha ditadura de 64 anos comunista e aquí, en Cedeira, nós creemos que vostede no tema do servizo de recollida de lixo, rogámoslle que non sexa un incompetente neste tema, señor Moreda.



Unha pregunta, queremos que, ao menor tempo posible, teñamos a posibilidade de ter unha resposta por escrito dos locais de que dispón o Concello, con detalle da superficie ou dependencias ocupadas, e persoas físicas ou xurídicas que fan uso da casa, despacho ou dependencia.

O Sr. Alcalde di: Iso é un rogo, non unha pregunta?

O Sr. Cribeiro García di: Tómea como queira, señor.

O Sr. Alcalde di: Non, non é un rogo. Cal é a pregunta?

O Sr. Cribeiro García di: Rogo, rogo.

O Sr. Alcalde di: Vale, vale, entón a tomo como queiras, un rogo.

O Sr. Cribeiro García di: Outro rogo, pedímoslle ós membros do Concello de Cedeira que tomen en consideración unha proposta que o noso grupo municipal quere trasladarlle. Co fin de recuperar o patrimonio, tanto material como inmaterial, rogámoslle que tome en consideración a recuperación da casa de Avelino, en fronte ó Concello, como museo, xa que para ese fin foi comprada, onde poder exhibir as pezas e os cadros que a Administración local ten no seu poder. Compre recordar que o Concello ten numerosos cadros e obras artísticas gardadas e que perden valor cultural ao non ser exhibidas. Pedímoslles que tomen en consideración a nosa proposta co único fin de recuperar o patrimonio artístico da nosa Vila e para poñelo en valor e dar vitalidade e dinamismo a esta parte antiga de Cedeira.

Outro rogo, en forma de proposta, non cren que sería conveniente a rotulación en varios idiomas da exposición de Rafael Usero? Se queremos poñer en valor a nosa Vila e sabendo que o número de visitantes crece ano tras ano, dende o Partido Popular cremos que sería importante rotular, aparte do galego, en castelán e inglés as exposicións que se instalen en Cedeira.

Outro rogo, a min gustaríame realmente saber se o responsable do Concello de Cedeira sabe o significado da palabra mantemento porque resulta curioso que en Cedeira non existe ese termo. Sen ir máis lonxe, vemos que na zona vella de Cedeira son numerosas as baldosas rotas, en mal estado, varandas oxidadas e perigosas, varandas sen pintar. A pregunta é moi sinxela: a que esperan para tomar cartas no asunto? Cedeira leva carecendo de mantemento moito tempo, en vista está que non se fixo absolutamente nada para remediar esta situación.

O Sr. Alcalde di: Iso é unha pregunta, non un rogo.

O Sr. Cribeiro García di: Por iso, rogámoslle, rogámoslle ven de rogo, por iso rogámoslle que se poñan a traballar e dediquen tempo ao coidado da nosa Vila. Os veciños merecemos pasear por unha Vila que estea en boas condicións e non por unhas rúas que se desfan co paso do tempo sen que ninguén faga nada por remedialo.

Unha pregunta, gustaríame preguntarlle ó señor Concelleiro de Deportes como vai o expediente de licitación do proxecto de ampliación do pavillón polideportivo que publicaron o 23 de setembro de 2023 no Cedeira informa. Pasaron xa 4 meses e non vemos grandes movementos. Hai algún avance ou a xente que utiliza o ximnasio vai ter que esperar moito tempo máis?

O Sr. Alcalde di: Podes responder agora ou no seguinte Pleno.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Xa respondo despois, no seguinte Pleno.



O Sr. Cribeiro García di: En Cedeira, estanse a producir nos últimos anos destrución masiva de elementos e obras feitas por anteriores Corporacións e no futuro van a destruír obras feitas pola anterior Corporación. Talaron o bosque de eucaliptos do paseo marítimo, un bosque de cerca de 100 anos. Señor Moreda, como responsable dos xardíns municipais, por que deixou perder o xardín do mirto de Cedeira, do Palacete? Nós coñecemos zonas de particulares en Cedeira que padeceron a mesma peste e salváronse debido ó seu tratamento. Sabe vostede que perdeuse unha fermosa estética duns xardíns de cerca de 100 anos polo baixo mantemento que se lle deu ?

Un rogo, outro rogo, rogamos que nos dea unha copia do expediente da substitución da caldeira na piscina.

Unha pregunta, despois de varios meses en que non funciona o ascensor do auditorio, preguntannos as persoas maiores que teñen dificultade para subir escaleiras, cando se poñerá en funcionamento ordinario?

Outro rogo, rogamos a retirada de vehículos abandonados en torno ao pavillón.

Outro rogo, un cambio, debíase cambiar a sinal de rotulación da avenida de España a outro edificio, a un lugar visible, xa que na actualidade dita sinalización e rotulación está tapada por unha cornisa dun negocio.

O Sr. Alcalde di: Onde, exactamente?

O Sr. Cribeiro García di: Ó principio da avenida de España.

O Sr. Alcalde di: Ó principio dende aquí, dende a praza Roxa?

O Sr. Cribeiro García di: O negocio de comida.

O Sr. Alcalde di: Vale.

O Sr. Alcalde di: Non sei, Jose se queres contestar ti ao da ampliación do polideportivo?

O Sr. Rodríguez Arribe di: Non, xa lle contestarei por escrito, se quere.

O Sr. Alcalde di: Co tema dos vehículos abandonados, temos unha orden xudicial que nos obriga a telos alí e oxalá puidésemos ter outro espazo onde levalos e non telos nosoutros porque creo que non somos nosoutros os que os temos que custodiar.

E respecto ao paseo marítimo, os eucaliptos cando se podaron, perdón cando se talaron, isto xa foi, viña do mandato anterior e xa era algo do anterior, era algo que estaba xa previsto na Lei de incendios de Galicia, que sabe vostede perfectamente que non pode estar a 50 metros un eucalipto das vivendas en chan urbano.

O mirto do Palacete, pois si, lamentablemente é verdade que nos causa bastante tristeza a todos, pero creemos que os nosos xardineiros son bastante competentes no traballo que fan, creo que moi competentes no traballo que fan, creo que fixeron todo o posible para que o mirto se salvase e non foi posible. O que pretendemos agora, estamos traballando xa cos técnicos que nos deseñen un parque que sexa útil, que sexa cómodo, para a nosa xente maior, para a xente máis nova que poidan pasear e visitar. Dende aquí defendo o traballo feito polo xardineiro e o seu axudante nestes anos, coidando, podando e sulfatando o que se podía sulfatar e todo iso. Creo que non é xusto pola parte da oposición que se critique o traballo deste compañeiro do equipo de xardinería.

E co tema do mantemento, creo que as plaquetas, si que temos un problema moi grande que son as lousas todas rotas por aí. Foi unha obra fantástica porque se fixo todo o saneamento de recollida de pluviais, moita canalización, pero a verdade é que nos está dando moitos problemas cada ano, pero non a nosoutros solos, senón as todas as Corporacións que viñeron e, probablemente, a todas as que pasen



nun futuro. Cada ano hai que ir arranxando o que podamos. Esta semana pasada xa se empezaron, corríxeme Concelleiro de Obras, se sigue traballando niso. A maioría delas levantadas e intentadas poñer ao seu nivel. Despois, co tema das varandas, acabamos de rematar as varandas na subida a Piñeiro, non é só pintalas, houbo que sacalas, houbo que sacar muñequeiras, poñer muñequeiras novas, lixalas, fíxoo unha empresa local, para que nos fagamos unha idea con un custe duns 18.000 euros.

Nosoutros estamos a punto de presentar o POS do ano que ven, cos proxectos xa decididos, onde vai haber moita obra no rural, máis que incluso na Vila. Aínda que estamos a facer nesa programación dos proxectos e dos orzamentos do Concello son varias actuacións, si que nos preocupa moito a praza da Rectoral, é verdade, aí si que estamos moi preocupados porque é unha praza que creemos que é a praza. Eu creo que estamos todos de acordo que a praza do Concello é a peor de todas, que non vale para nada, a que nunca valeu para nada, a que ten os locais debaixo que non cumpren as condicións de hábitat, co cal non se poden ter ás asociacións dentro. E a parte de arriba non se lle da uso absolutamente para nada, soamente para os bancos que os utilizan tres ou catro persoas. Temos unhas varandas que están nun estado bastante malo, pero que custan moitísimo diñeiro, intentaremos, entre este orzamento e o do ano que ven, metelo. Se temos a sorte de que o Partido Popular, con maioría no Senado non bloquee o teito de gasto das Administracións Públicas e permita gastar os seus remanentes, tanto a Xunta de Galicia, neste caso as Administracións Autonómicas, coma os concellos non só de Cedeira, senón a todos os concellos, tamén aqueles que están gobernados polo Partido Popular. Se nos permiten utilizar ese gasto, seguramente poderemos metelo aí porque temos remanente para poder usalo, outra cousa é que o Partido Popular no Senado bloquee ese teito de gasto, esa regra de gasto e o final os que se sintan prexudicados van a ser todos os habitantes, veciños e veciñas de Cedeira.

E nada máis, desexarvos a todos que pasedes unha boa semana e facémonos cargo de todos os rogos e preguntas que vostedes fixeron, pechamos esta sesión.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 21:22 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ